



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 18 DE
DECEMBRO DE 2012**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA

CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRIGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e tres minutos do día dezaioito de decembro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesiões o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

ÚNICO.-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DO DOCUMENTO REFUNDIDO DO TEXTO CORRIXIDO E ADAPTADO Á ORDE DA COTOP DO 05/05/06 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DA ESTRADA, ADAPTADO Á LEI 2/2010 (INCLUÍNDO A MEMORIA AMBIENTAL).

***Sr. Alcalde:** Benvidos á sesión extraordinaria do pleno coa seguinte orde do día, dentro da parte resolutoria: o punto único desta sesión plenaria é a proposta de Alcaldía – Presidencia de aprobación provisional do documento refundido do texto corrixido e adaptado á orde da COTOP do 5/05/2006 do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada, adaptado á Lei 2/2010 (incluíndo a Memoria Ambiental). Para facer a presentación e a proposta deste punto único ten a palabra o concelleiro Alberto Blanco.*

***Sr. Dono López, do PSdG-PSOE:** Sr. Alcalde, eu pediríalle se o considera oportuno, se non fareino no debate, gustariame, dado que tivemos coñecemento hoxe duns documentos presentados no rexistro do Concello a respecto dun punto tan importante e transcendente como o que vamos a tratar, si me concede a palabra, eu gustariame facerlle unha proposta. E o digo que me gustaría facelo previo debate, se a teño que facer no debate tampouco pasa nada. Pero vamos, quero transmitirlle que é unha proposta desde o ánimo da importancia e da transcendencia que ten este tema e desde o ánimo de axudar. Entón se me concede a palabra un minuto eu fágolle unha proposta para que vostede....*

***Sr. Alcalde:** Ten vostede, si, ten vostede a palabra.*

***Sr. Dono López, do PSdG-PSOE:** Graciñas. Ben. Eu, como dicía, a importancia e a relevancia do acordo que se vai a tomar hoxe tanto para os intereses comúns de tódolos estradenses como para os particulares, eu creo que nos obriga a todos a tratar de facer un esforzo. Eu creo que hoxe se presentaron no Rexistro dous documentos, como vostede ben sabe e que eu creo que coñecemos todos. Por unha parte unha serie de alegacións dunha asociación coñecida por todos nós, que fai unha serie de advertencias respecto do Plan que se pretende aprobar, que bueno, eu entendo que, aínda que eu lle recomendo que o lea con detenimento e o mire cos técnicos do Concello o que se dice nese documento, eu o lin, e bueno, pode considerarse que ó ser, digamos un escrito de parte, pois que pode vostede non consideralo, por iso, por ser de parte. Pero o outro documento a min me parece tremendamente importante, porque é o informe do técnico titular, do Secretario titular deste Concello e a pesar de que, da súa modestia, recoñecendo que non é un informe moi exhaustivo, eu creo que di cousas moi importantes e eu creo que, se ben a seguridade xurídica do documento estaba en cuestión, creo que un informe que di textualmente que se informa desfavorablemente o documento, eu creo que pon en serio risco esa seguridade xurídica e pode pois que vaiamos cunha fuxida hacia ningunha parte. Polo tanto, eu creo que neste momento e ante esta situación, caben varias posibilidades. Unha é efectivamente tirar para adiante, debater o documento e despois vostedes teñen maioría suficiente para aprobalo, apróbase e despois xa veremos, a ver que é o que pasa. Pero eu xa lle digo, paréceme unha temeridade cos informes que hai e coas advertencias que se fan por parte de propietarios de solo meternos nun camiño tortuoso, legal, xurídico, que eu creo que non vamos por bo camiño. Entón, esa é unha opción. A outra opción sería expoñelo ó público como di o informe do secretario e que os cidadáns teñan coñecemento deste novo documento e que polo tanto opinen. E logo hai unha terceira vía que eu creo que tamén debería de considerar o grupo de goberno que é que aquelas modificacións que di o secretario que son substancias e que polo tanto necesitan exposición pública, si vostede non*

quere facer a exposición pública, volver ó Plan a como estaba, aprobalo, mandalo á Xunta cun informe favorable neste caso desde Secretaria, posto que se evitarían aquelas modificacións que se consideran substanciais e polo tanto, poderíanos a Xunta, se non está de acordo nalgunha cuestión dese planeamento, poderíanos indicar en cales non está de acordo, modificalas, e sacar o Plan con seguridade xurídica, seguridade xurídica que dá o informe do Secretario. Polo tanto eu creo que hai unha serie de posibilidades que o grupo de goberno debería valorar. E toda esta exposición lla fago, como lle dixen ó principio, coa responsabilidade de haber estado no goberno e de haber formado parte deste problema que temos no noso concello co PXOM. Pero a partir de agora, se vostede decide tirar para adiante, eu creo que xa será o seu problema. Eu instoo a recapacitar, a que deixe isto sobre a mesa, a que o leve a unha Comisión informativa, a que se vexan tódalas posibilidades de darlle seguridade xurídica ó Plan; e unha vez que se chegue a unha fórmula con informes favorables, porque o informe de Secretaria é clarificador en moitos puntos, poder remitilo de novo. Eu, e vostede o sabe porque estivo na lexislatura pasada, eu elixín un camiño, o camiño do dialogo, o dialogo con todo o mundo, falei con todo o mundo; eu creo que agora mesmo se está tratando de impoñer. Eu creo que ó mellor non estaría de máis recuperar iso se queremos realmente sacar isto adiante o antes posible. Polo tanto, a proposta que eu lle quero facer é esa. Aparque o Plan, léveo a Comisión, déalle seguridade xurídica, consiga informes técnicos irrefutables e teñamos un Plan Xeral que poida saír adiante. De non facelo así, súa será a responsabilidade de meternos nun camiño de problemas xurídicos que moi probablemente acabe cun Plan embarrancando xuridicamente. É a súa decisión e é a miña proposta. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: *Moi ben. Moitas grazas a vostede pola súa intervención. Sabe que por parte deste goberno, incluso esta mesma mañá, nós permitimos (e creo que é bo dicilo) o acceso a toda a información. Podíamos facer uso da nosa capacidade para que presentase vostede coa suficiente antelación a consulta de tódolos informes e documentos, déuselle acceso inmediato demostrando a vontade de transparencia e de dialogo que ten este goberno. Cada un pode entender o dialogo da súa maneira, eu tamén podoo discrepar de vostede que vostede deixou o camiño do dialogo no goberno anterior; deixou o camiño de non aprobar o Plan Xeral, que foi o resultado final e ás probas me remito. Polo tanto, este goberno ten a responsabilidade e o compromiso de aprobalo. É un camiño difícil e tortuoso. Non lle vou explicar a vostede o difícil que é aprobar un Plan Xeral porque vostede o viviu nas propias carnes e de feito non foi quen de aprobalo en catro anos. Polo tanto, eu creo que iso ás claras delata a complexidade e a dificultade, que desde logo eu me solidarizo con calquera que queira asumir un reto destes porque realmente é complexo e dificultoso. Vostede sabe do risco que ten tramitar un documento do Plan Xeral, da dificultade de encaixar tódalas pezas nun puzzle que moitas veces é difícil de encaixar. Sabe vostede ademais tamén que pola Lei de Procedemento Administrativo o expediente que sometemos hoxe a ditame e votación neste pleno está concluso, polo tanto é un expediente que cumpriu administrativamente tódolos procesos legais establecidos, existen os informes correspondentes, o documento do Plan Xeral. Aspecto que non é menor, destacar que é a mesma situación que se produciu cando vostedes levaron o Plan Xeral a aprobación por parte do pleno no pasado mandato. Vostedes levaron a pleno a aprobación do Plan Xeral cun informe do Secretario en funcións e co mesmo Arquitecto Municipal que informa este documento do Plan Xeral. Non sei eu que foi o que cambiou, que circunstancia cambiou con respecto ó Partido Socialista a non ser que sexa buscar unha desculpa para non aprobar e non apoiar o documento. Pero de feito, este Plan Xeral, eu creo que é convinte destacalo, ten un informe favorable do Arquitecto Municipal funcionario do Concello da Estrada, en teoría a persoa que coñece suficientemente o documento do Plan Xeral e o urbanismo e é a mesma persoa que informou o documento do Plan Xeral cando vostedes eran goberno, polo tanto, nin creo que sexa sospeitoso para nós nin creo que sexa sospeitosa para vostedes nin para o Bloque Nacionalista Galego que foi exactamente a mesma persoa, o mesmo técnico, o mesmo*

arquitecto, que fixo o análise profundo do documento, que fixo o traballo técnico do Plan Xeral e que chega á conclusión de que o documento é un documento aceptable, que é un documento legal e que é un documento que cumpre coas directrices da Lei do Solo, da 2/2010, e das anteriores, e que ademais non presenta modificacións substanciais. Supoño que lería vostede o informe e acredita isto que estou dicindo eu. Polo tanto, baseándose en ese informe da persoa que realmente ten coñecemento do Plan Xeral, que é o Arquitecto Municipal, no que afirma categoricamente que as modificacións son substanciais, aspecto non menor, e que se lle pasou por alto, a Secretaria, como vostede di perfectamente que é quen ten que informar, Secretaria informa baseando nese informe técnico que di que o Plan xeral non ten modificacións substanciais. Ese expediente concluso, sabe vostede ademais e supoño que non querrá abrir esa vía, de poder modificar os expedientes no transcurso da súa elaboración administrativa, supoño que non entraremos nese debate porque iso sería viciar de pleno dereito calquera tipo de expediente administrativo; nós pechamos o expediente, o poñemos a disposición da oposición, se realizan catro exposicións, catro Comisións Informativas nas que se debate o que os partidos e os representantes dos partidos entenden que é fundamental, e polo tanto, ese documento, unha vez pechado é o que chega a este pleno para a súa tramitación como corresponde a nivel administrativo. Polo tanto, sabe vostede ademais, é coñecedor vostede que o informe, calquera informe que se incorpore, neste caso o informe de Secretaria, o mesmo que existe no expediente ou calquera outro son informes preceptivos e non vinculantes, polo tanto, esta corporación municipal pode discrepar dos criterios dos técnicos e pode tomar a decisión que considere oportuna; somos soberanos para tomar a decisión que entendamos. E xuridicamente e administrativamente, o expediente, está perfecto. O único é que, eu podo entender que calquera solicite un informe en calquera momento, ademais sospeitosamente, un informe que nin foi pedido nin polo alcalde, nin pola corporación nin por ningún grupo político en ningunha das Comisións nin ata hoxe solicitado. Se presenta de parte, e como comprenderá lle dou bastante pouca validez por ser no momento no que é e por ser na forma na que é e tamén teño dúbidas de que iso non teña algún tipo de responsabilidade porque como ben sabe aquí non todo o mundo pode informar cando lle apetezca e os motivos que entenda oportunos. Eu creo que hai un reglamento que hai que cumprir e polo tanto se verá cales son as responsabilidades que se derivan disto, pero en todo caso eu o que lle podo dicir é que un Plan Xeral, e vostede o sabe, é un tema realmente complicado. Eu lle podo garantir ademais que dende o mes de marzo se fixeron os traballos en coordinación e en colaboración total e absoluta cos técnicos desta casa, cos técnicos municipais, cos técnicos do Departamento de Urbanismo, técnicos do Departamento de Secretaria, se traballou conxuntamente na elaboración das modificacións, este é un documento basicamente técnico e polo tanto eu creo que non cabe ningunha dúbida que a nivel administrativo e a nivel tramitación o documento está ben. E, en todo caso, ademais, este é un trámite intermedio, nós non vamos a aprobar definitivamente o Plan. O Plan ten que ir á Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia é quen ten a capacidade resolutiva en todo este proceso. Terá que acreditar que os trámites administrativos están correctos, que o documento ten ou non ten modificacións substanciais, tamén é un tema que ten que revisar a Consellería, e quen aproba en última instancia o Plan Xeral é a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a través da Secretaria Xeral de Urbanismo. Polo tanto, son eles os competentes en última instancia para poder aprobalo. Agora que estamos facendo? Un trámite, un proceso administrativo dentro dun trámite máis longo que se derivará á Xunta de Galicia para a súa aprobación. Creo que nós o que temos que velar é que a seguridade xurídica e administrativa deste proceso estea garantizada, e a ese nivel está feito de maneira que se garante todo o procedemento administrativo de forma correcta. As interpretacións e as valoracións, eu evidentemente lle permito que cada un faga o que considere oportuno. Así que, se lle parece, procedemos a entrar no fondo da cuestión que é o debate sobre a aprobación provisional do Plan Xeral. Ten a palabra

Sr. Secretario: Sr. Alcalde, se mo permite, desexaría tomar a palabra?

***Sr. Alcalde:** Si pero sobre algún aspecto legal do debate?*

***Sr. Secretario:** Si, efectivamente.*

***Sr. Alcalde:** Ten vostede a palabra.*

***Sr. Secretario:** É en virtude do artigo 94. 3 do ROF e é para sinalar que, a pesares de que este Secretario se atopaba de vacacións cando foi convocado o pleno, o dezasete de decembro procedeu a redactar e remitir á Alcaldía un informe que, aínda que limitado, recolle algunhas das cuestións de legalidade do expediente de aprobación provisional do Plan Xeral, e o mesmo conclúe desfavorablemente. Enténdese oportuna a súa lectura ó amparo do mencionado artigo 94.3 e se lle parece procedo primeiramente a ler o propio artigo 94.3.*

***Sr. Alcalde:** Non, mire, creo que unha vez explicado o tema, parece que xa o debateu perfectamente e ademais está claro o artigo 94.3 onde pon que no debate se plantexa unha cuestión sobre a que poida dudarse a legalidade ou repercusións presupuestarias. Creo que de momento non se introduciu ningún tipo de cuestión e polo tanto creo que procede agora mesmo entrar no debate, e se posteriormente vostede considera que no debate se produce algunha cuestión sobre a legalidade, en todo caso solicite a palabra e será concedida ou non.*

Ten a palabra o Sr. Alberto Blanco.

Durante a intervención do Sr. Blanco sae e volve a entrar do Salón de Plenos o Sr. Magariños (entre as 21:08 e as 21:10 horas).

***Sr. Blanco Carracedo, do PP:** Ben, boas noites. Tráese a este pleno para someter á súa consideración para aprobación plenaria o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo sobre o documento refundido do texto corrixido e adaptado á orde da COTOP do 5/05/2006 do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada, adaptado á Lei 2/2010 para a aprobación provisional. En primeiro lugar tiña pensado facer unha breve exposición dos antecedentes deste Plan Xeral, penso que xa o punto que vai collendo este debate soamente o fai necesario posto que todos somos coñecedores dos cerca de 30 anos que levamos de intentos de darlle unha ordenación urbanística a este Concello con nulos resultados. A xente da Estrada xa está cansada que nos esteamos tirando os trastos, penso que é o momento de darlle solución e por iso a min gústame abordar de momento desde unha posición un pouquiño máis escénica cales foron os cambios, xa desde que nos fixemos cargo no pasado ano 2011 dos traballos de elaboración deste Plan. Como resultado das eleccións municipais celebradas o 22 de maio de 2011, a nova corporación toma a decisión de someter o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal elaborado polo equipo redactor ás determinacións da reforma introducida pola Lei 2/2010 de 25 de marzo de 2010. Como ben dixo o alcalde fai un momentíño se realizan unha serie de traballos e reunións entre o Concello, Consellería e equipo redactor, técnicos do concello onde estaría incluso o Sr. Secretario actual, que ten unha posición activa, bueno vamos a deixalo aí. Nesta serie de traballos os técnicos municipais traballan e melloran a calidade do documento, principalmente no relativo ás ordenanzas e aplicación práctica, sobre todo na depuración xeral do documento. A novidade máis relevante que introduce a Lei 2/2010 que afecta ó contido do Plan Xeral en tramitación é o relativo á clasificación do solo do núcleo rural e en menor medida ó solo rústico. No caso da Estrada, este cambio se ben non supón unha modificación de calado en canto ós criterios de clasificación de solo si supón unha relevante*

modificación nas nomenclaturas empregadas na delimitación e na denominación dos núcleos rurais, antes núcleos rurais tradicionais e áreas de expansión, agora núcleos diferenciados pola súa tipoloxía, en histórico tradicional, común e complexo, desaparecendo as citadas áreas de expansión. En canto ó procedemento de avaliación ambiental que se atopaba incompleto é preciso dicir que o Concello da Estrada elaborou a proposta do Plan incluíndo o informe de sustentabilidade ambiental e sendo aprobado inicialmente por acordo no pleno de 17 de setembro de 2009 someténdose ó proceso de consultas preceptivo e información pública, para o cal actuouse seguindo as prescricións ordenadas nos preceptos legais elaborando a proposta de memoria ambiental que foi enviada coa documentación do Plan á Consellería de Medio Ambiente con entrada do 21 de setembro de 2011. A Consellería de Medio Ambiente emite a memoria ambiental do Plan Xeral do Concello en data 20 de xaneiro de 2012, resolvendo que o Plan de Ordenación Municipal do Concello da Estrada é ambientalmente viable, aínda que para unha correcta integración dos criterios de sustentabilidade establecidos o Plan deberá incorporar as determinacións que dita memoria indica. O documento do Plan obxecto da presente aprobación provisional inclúe as determinacións expostas no informe elaborado denominado "Informe da integración das determinacións expostas na Memoria Ambiental", tomo 4 do documento. Así pois, polo equipo redactor, dende a chegada de este grupo de goberno se levaron a cabo os pasos necesarios para chegar á aprobación do Plan con absoluta subxección ós preceptos legais vixentes. De forma previa ás breves consideracións xurídicas que me gustaría facer un pouquiño máis adiante, queredo sinalar as modificacións porque penso que é importante saber de que estamos falando. Estamos falando sempre de "modificacións por aquí e modificacións por alá", e considero absolutamente necesario que neste pleno se expliquen cales son o alcance e a importancia das mesmas. Os solos susceptibles de desenvolvemento que sofren modificacións que pasan de solo urbano consolidado a non consolidado son mínimos, limitando os axustes de delimitación e cualificación do solo. Moitos deles son consecuencia dos obrigatorios axustes á lexislación vixente que xa foran advertidos no pasado pola Consellería e que foran ata agora ignorados. Os citados cambios non adquiren o carácter de substancialidade tanto pola reducida dimensión dos mesmos como pola súa orixe legal. Isto último de acordo á reiterada xurisprudencia que recolle a anterior afirmación. É dicir, o feito de que os cambios teñan maior ou menor dimensión si responden á adecuación á legalidade, non teñen o carácter substancial por moito que existan criterios en contra, criterios sobre todo persoais. En canto ó paso de solos urbanos non consolidados a urbanizables, temos que sinalar o SUN 04 Antón Losada e o SUN 018 da rúa 62 que afectan a 26.000 metros cadrados, é dicir, un 0,015% do solo urbanizable. Pola súa parte, o paso de solos urbanizables delimitados a solos rústicos afecta ó SUN D23 de Preguecido e teñen unha variación de 0,031% do solo urbanizable. En canto ó paso de solo consolidado a sistema xeral nos atopamos coa ampliación dos xardíns do Concello para completar a mazá onde se sitúa o mesmo. É un cambio de solo urbano consolidado a un sistema xeral, en concreto o ZVP15. No que respecta ós núcleos rurais o Plan rectificado procede de adaptación dos mesmos á Lei 2/2010 do que resulta o que segue: Pásase a regular a delimitación dos núcleos rurais segun as regras establecidas pola LOUGA. A existencia ou non de edificación tradicional, (bueno, estes son os criterios a seguir) a existencia ou non de edificación tradicional, distancia máxima destas á delimitación e o grao de consolidación. A estimación do grao de consolidación do núcleo, entendendo como tal o que define a instrución 4/2011, basease na análise da capacidade física real de albergar novas parcelas, tendo en conta a superficie mínima edificable na parcela definida. Esta parcela mínima que se designa a cada un dos núcleos responde a cada caso particular tendo en conta o seu tecido anterior, a súa morfoloxía parcelaria e a superficie da parcela media, que resulta das existentes no núcleo e nunca sendo menor da parcela mínima identificable de 300 metros cadrados que regula o artigo 29 da LOUGA. O método de cálculo empregado no presente documento para determinar o número total de parcelas edificables é o método numérico ou

simplificado que ven definido na instrución citada 4/2011. Este método é o elixido fronte o método gráfico por, como ben explicou no seu momento o equipo redactor, por recomendación deste equipo que o considera máis beneficioso para o núcleo rural no caso concreto do Concello da Estrada. Respecto ós sistemas xerais solo cabe destacar o seguinte: que os sistemas tiveron pequenas modificacións de delimitación debido ós informes sectoriais e alegacións. Cabe destacar dous de nova creación, á marxe do citado dos xardíns municipais, que sería a área do aparcadoiro situado na zona do mercado municipal por criterios municipais debido ó novo proxecto de remodelación do mercado que se acometeu na actualidade e unha área de propiedade privada situada dentro do sistema xeral ZV2 que deriva da resolución admitida da alegación efectuada polo seu propietario para adscrición dese solo da súa propiedade nunha área de repartición. Así, tras sinalar os cambios sufridos polo Plan Xeral desde a súa última exposición pública, gustaríame analizar brevemente cales son as consecuencias que ten esta adaptación tanto a nivel de capacidade de edificación como de repercusión xurídica. Como se sinalou, a maior repercusión da adaptación á Lei 2/2010 afecta aos núcleos rurais. Unha relevante modificación nas nomenclaturas empregadas e na delimitación e na denominación dos núcleos rurais. Como dicía, agora núcleos rurais diferenciados pola súa tipoloxía en histórico-tradicional, común e complexos, desaparecendo as áreas de expansión, o que xunto ós novos condicionantes empregados para a delimitación dos núcleos arrojan como principal consecuencia non o número de parcelas vacantes resultantes en cada núcleo que, en realidade, non é moi diferente ás existentes antes da adaptación da Lei, se non que a verdadeira vantaxe da adaptación á Lei 2/2010 é que agora a posibilidade de edificación nas parcelas dos núcleos rurais é directa, facultade que antes se atopaba vetada nas antigas áreas de expansión, nas que se precisaba dun plan especial para o seu desenvolvemento e posterior edificación, extremo que derivaba a efectos prácticos na imposibilidade de edificación nas citadas áreas; sendo este un dos motivos principais polo que deron orixe á modificación operada pola Lei 2/2010. Desta forma, aínda no suposto do caso de diminución de parcelas edificables no rural, a posibilidade de edificación é inmediata o que supón unha posibilidade de desenvolvemento do núcleo manifestadamente maior á situación anterior. En canto ás consecuencias xurídicas da adaptación á Lei 2/2010 e sen ánimo de entrar en demasiadas fonduras estas consecuencias xurídicas non desembocan na inseguridade xurídica que se propugna por algunha voces tanto dentro como fora do concello. Penso que debemos de ser rigurosos e non encher de dúbidas ese fundamento ó conxunto dos estradenses que están desexando ter xa dunha vez un Plan Xeral. A Lei 2/2010 na súa disposición adicional primeira di que a simple adaptación do contido do Plan en tramitación ás disposicións establecidas na presente lei non implicará por si só a necesidade de sometelo a nova información pública. Loxicamente, hai quen mantén posicións contrarias que di que existen confrontacións coa lexislación básica estatal, pero o que non cabe dúbida é que o Tribunal Constitucional xa ten declarado en diversas ocasións que a adaptación á Lei 2/2010 non fai preceptiva unha nova información pública en tanto en cuanto non sexa este Tribunal Constitucional o que diga o contrario. En canto ás modificacións que se produciron no casco urbano, que parece que é a nai do ano, teño que sinalar que son de escasa identidade. Non xa no conxunto do termo municipal, no cal quedarían absolutamente diluídas, se non no conxunto do citado casco. Aquí debemos distinguir os cambios que teñen a súa orixe no sometemento á lexislación vixente dos que obedecen a criterios municipais. En canto ós primeiros, sometemento á lexislación vixente, nos atopamos ante o cambio de cualificación dos terreos situados na rúa Antón Losada e rúa 20 que pasan de solo urbano consolidado a solo urbano non consolidado. Este cambio de cualificación débese á necesidade de someterse á lexislación vixente de que fora posto de manifesto en diversas ocasións pola Consellería correspondente. A normativa impide a cualificación destes terreos como solo urbano consolidado por non ter sido desenvolvementos polo preceptivo instrumento de desenvolvemento co obrigatoriedade de reparto de partes e cesións. Isto é unha verdade que nos guste ou non é así. Sabemos que si se houbera mandado sen alterar, a Xunta de

Galicia houbera mandado retocar este punto. É significativo que semellante razonamiento non foi obxecto de discusión por ningunha das forzas políticas da oposición no transcurso das Comisións Informativas de Urbanismo. Así mesmo, se existe algunha voz que ten afirmado que as modificación que teñen a súa orixe no axustamento á estrita legalidade vixente podería ter a consideración de substancial a efectos de información pública non temos máis que acercarnos á reiterada xurisprudencia do acto tribunal para desbotar semellante afirmación. Afirmación que sería tanto como manter como admisibles as alegacións que foran contra a Lei. Penso que en poucas cabezas pode caber isto. Das restantes modificación que se deron no casco urbano, son as que teñen a súa orixe nos criterios municipais, que son as anteriormente citadas, a ampliación dos xardíns municipais do concello para completar a maza onde se sitúa o mesmo, e a área do aparcadoiro situado na zona do mercado municipal. Ambas modificacións dentro do conxunto do casco urbano son de escasa entidade á luz da reiterada xurisprudencia que tivo oportunidade de estudar o concepto de cambio substancial. Concepto que a lexislación non se ocupou de definir, polo que se trata dun concepto xurídico indeterminado que os nosos tribunais foron dotando de contido, e que de forma inalterable e cada vez máis restritiva na hora de considerar a existencia de modificacións con carácter de substanciais a efectos de información pública, como digo, chegan os tribunais a definir como substancial só aquelas modificacións que fan aparecer o Plan como distinto ou diferente ou incluso irreconocible. En todo caso, deberase de estudar o caso concreto sen facer xeneralidades e moito menos por medio de sentencias tendenciosas como se pode ver nalgún informe recentemente aparecido a colación. É significativo que nas Comisións informativas de Urbanismo celebradas nas pasadas datas era preciso marcar coa data correspondente cada plano, cal era de 2009 e cal era de 2012, pois era practicamente imposible diferenciarlos. Por último, co ánimo de dissipar toda aquela duda que de forma pouco leal co pobo da Estrada se ven manifestando respecto á validez dos informes obrantes no expediente de elaboración do Plan Xeral e que tivemos ocasión de debater fai un momento por parte do cabeza da oposición e o alcalde da Estrada, simplemente reiterarnos en que os informes técnicos foron emitidos polo mesmo técnico que o fixera no 2010 que, na mesma forma que no 2010 foi o informe de Secretaría emitido por un Secretario en funcións estando daquela no goberno o bipartito, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. E que se daquela estaba recuberta esta situación da maioría das legalidades, da mesma maneira ocorre agora. Non existe diferenza entre unha situación e outra. Polo que os que daquela non dudaron do axuste legal, tampouco o deberían estar facendo agora neste momento. Simplemente me gustaría cerrar a intervención facendo un chamamento a tódalas forzas políticas, tratar de aunar esforzos, sacar isto adiante, porque sabemos que o futuro da Estrada non depende de aprobar o Plan agora ou non, se non de telo, e a partir de aí empezar a desenrolalo, e que se pode modificar e pódense facer moitas cousas. O que non se pode facer nada é co que non temos. Por iso gustaríame que nos uníramos todos cun voto a favor deste Plan Xeral. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas grazas Sr. Blanco. Ten a palabra Sra. Belén Louzao.*

Durante a intervención da Sra. Louzao sae e volve a entrar do Salón de Plenos o Sr. Dono (entre as 21:25 e as 21:35 horas).

Asemade, o Sr. Constenla (entre as 21:30 e as 21:31 horas)

Sr. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE: *Ben, antes de nada boas noites a todos e a todas. Comezar recollendo as palabras do portavoz do grupo de goberno, do Sr. Blanco, no que dicía que o importante era ter un Plan. Dende logo, e nós coincidimos en que é importante e mesmo urxente, ter un Plan para A Estrada. Xa coincidiamos fai un ano cando se trouxo o*

outro Plan a esta mesa con informes favorables que non suscitaban estas dúbidas legais que suscita o actual. Polo tanto, que paradoxas ten a vida que do 2011 a aquí a responsabilidade xa non é o que era, e onde se pedía responsabilidade para sacar adiante, responsabilidade para dar participación, responsabilidade para que os veciños tiveran acceso, responsabilidade se pedía ó goberno daquel entón, hoxe en día se omite todo isto, se pasa por encima de todo iso e se pide un voto afirmativo para un Plan que se impón despois de ano e medio de goberno e no que, desde logo a oposición chegou a unhas comisións que efectivamente, catro comisións nas que na primeira delas recordemos nin tan sequera se levou o expediente á comisión e na que xa se dixo desde un comezo que non se podía facer modificación ningunha, que o Plan estaba pechado. Ben, como dicíamos antes, que paradoxas ten a vida cando a responsabilidade cambia tan facilmente. E preguntámonos, efectivamente chegamos hoxe aquí a debater un Plan, sería moi fácil deixalo pasar, sería moi fácil darlle para adiante, pero desde logo sería unha irresponsabilidade (e vou usar por primeira vez esta palabra), sería unha irresponsabilidade de toda a corporación municipal que sabendo que hai detrás actualmente do Plan Xeral, sabendo as dúbidas que suscita, sabendo que na data de onte se rexistraron uns informes que non estaban previstos cando se ditaminaron; uns informes a maiores que buscan simplemente a legalidade e o dereito a alegar e o dereito a ter participación que non se deixara, como dicíamos ó comezo, sobre a mesa para intentar entre todos buscar o xeito o mellor posible de conseguir a maior seguridade xurídica a este Plan. Pero bueno, creo que iso xa foi a proposta que fixemos e polo tanto, decidiuse seguir adiante e vamos a debater este Plan. Un Plan ó que chegamos hoxe e despois de que en febreiro de 2011 se trouxese a este pleno, se tomase razón das modificacións que esixía a Consellería, a mesma Consellería da Xunta foi a que dixo como había que corrixir o Plan e foi o que se fixo e o que se tomou en consideración no 2011 e se considerou que os veciños debían saber como quedaba ese documento. Os veciños debían de coñecer cales eran as modificacións que pedía a Xunta e como lles ían afectar. Sen máis que iso, resulta que un ano e medio despois chegamos aquí cun Plan que se modifica totalmente, un Plan que se di que se adapta á Lei e sen embargo existen cambios que non responden á esa adaptación á Lei; un Plan que os veciños descoñecen e van a descoñecer por que se fixeron eses cambios e cal é a realidade de como queda ese Plan. Estamos a falar de documentos totalmente distintos, documentos distintos en canto á ordenación, documentos distintos en canto á planimetría. Pero algo que deixa patente que no 2011 non existiu por parte da vontade da oposición, é máis, existiu a vontade contraria, a de bloquear o Plan Xeral que todos habíamos debatido e que habíamos quedado de traer en consideración a este pleno. E porque dicimos que o bloquearon?. Pois dicimos que o bloquearon porque nas reunións co rural que se facían desde a oposición se creaban expectativas falsas, se lles dicía ós veciños que pedisen máis terreo edificable, se facían reunións paralelas coa Consellería, e é máis, se bloqueou a memoria ambiental. E o dicimos alto e claro, se bloqueou a memoria ambiental porque resulta que agora vemos na instrución do expediente deste novo documento que a aprobación da memoria ambiental é de febreiro do ano 2012, que se remitiu á Xunta en setembro do ano 2011 e, sen embargo, consta tamén no expediente que o documento corrixido e adaptado, según din vostedes, chegou ó Concello no mes de marzo. Polo tanto, a Xunta aprobou a memoria ambiental para un Plan que non é o que hoxe temos aquí tampouco, para un Plan que foi entregado en setembro e que responde ós datos anteriores. Non hai máis que ver a propia memoria ambiental na que se di ó final que non coincide o cadro numérico do Plan. Se fala dunhas expectativas de vivenda de 18.300 vivendas que se corresponde ó documento anterior, co que se trouxo a pleno en setembro de 2011 e que non concitou o apoio das forzas naquel entón da oposición. É dicir, iso deixa patente, deixa claro como a avaliación ambiental se fixo para un documento elaborado para o Plan anterior, para o Plan que se trouxo a pleno no 2011. Un Plan que desde o grupo do Partido Popular, encabezado polo Sr. López Campos naquel entón na oposición, como dicíamos, ía polo rural pedíndolle ós veciños que alegasen, pedíndolles e mentíndolles, dicíndolles que deixaban núcleos pechados, que non se podería

edificar, que arruinaba o futuro do noso rural e que en moitos lugares o único que se podería facer serían obras de mantemento nas casas, deixándoos totalmente pechados e sen ningún espazo, dicindo que nunca se poderían levantar novas construcións. Pois iso era o que se dicía entón, un Plan que ofrecía máis posibilidades de edificación do que temos hoxe aquí. Para un Plan que deixaba máis posibilidades, máis vivendas ofertadas, máis vivenda que o que hoxe traemos aquí. É máis, iso saíu na prensa. Diciase que A Estrada era o Concello con máis núcleos de toda España e que polo tanto tería que ter un Plan singular, que non estabamos, diciase, aclaraba o Sr. López, que estaban indo ó rural para paralizar o Plan Xeral posto que deixaba moi prexudicado seriamente ó noso pobo e iso se recolleu en novembro de 2009 na prensa. Esas eran as súas declaracións, declaracións nas que dicía que non se podía partir dun escenario derrotista que condicione o desenvolvemento do pobo, que municipios con dimensións similares ós da Estrada tiñan proxección de entre 70.000 e 80.000 habitantes viran aprobado o seu planeamento. Se criticaba ó anterior goberno por ser pouco ambicioso (creo que eran as súas palabras, Sr. López) e resulta que hoxe chegamos aquí e temos un Plan que nos ofrece 597.000 metros cadrados menos de solo urbano, que nos ofrece o Plan que hoxe traen vostedes aquí, 1.018.000 metros cadrados menos de solo de núcleo rural e polo tanto, que cambiaron de núcleo rural a rústico 1.500.000 metros cadrados. Son os datos do seu Plan, Sr. López, son os datos dun Plan no que vostede dicía unha e outra vez na prensa que a adaptación á nova Lei ía favorecer a edificabilidade. É máis, vostede acusou como dicíamos ó anterior goberno de darse por vencidos na situación do rural, de deixar bloqueado o que era o noso Concello. Vostede lembrará que acudiu á Xunta de Galicia en compañía dunha comisión de veciños do rural (que, por certo, non sabemos onde están agora mesmo, se se senten satisfeitos ou non porque posiblemente non tiveron ocasión de ver este Plan, pero vostede acompañounos) e as conclusións que vostedes dician eran que estes veciños reclamaban que as eiras e os salidos non computasen como edificables, pedían máis edificabilidade fóra dos salidos; e vostede, Sr. López, acudiu a aquela reunión e trasladaba que lles trasladaron que esa petición era a viable. Coa adaptación á Lei iso era viable. Mentiulle Sr. López, mentiulle a esa comisión de veciños, mentiulle a todos os veciños da Estrada na prensa cando facía estas afirmacións e desde logo méntelles hoxe cando intenta aprobar un Plan que desde logo este si deixa o rural estradense pechado, si deixa o rural estradense bloqueado porque non esquezamos que vostede ofrece, estamos a falar de máis de 700 vivendas menos en solo urbano consolidado, estamos a falar de que no rural está ofrecendo 2.300 vivendas fronte ás 2.700 que ofrecía o anterior. Estamos a falar polo tanto, dunha oferta de menos de 1.000 vivendas con respecto ó anterior, 1.105 vivendas menos con respecto ó anterior Plan. Estamos a falar, polo tanto, dunha oferta potencial de vivendas que se reduce preto de 1.000 vivendas, Sr. López. Tráenos hoxe aquí un Plan cando pedía maior ambición, cando pedía maior edificabilidade, que este si deixa bloqueado o rural e si prexudica gravemente o casco urbano e si prexudica gravemente a vila. E o grave non é posiblemente eses prexuízos, insisto e o temos dito, incluso se as cousas fosen doutro xeito, incluso, se o expediente se tivese tramitado doutro xeito, poderíamos estar ó lado do goberno e asumir eses recortes que desde logo deixan bloqueado, pero asumilo entre todos. Pero desde logo non quixeron que fora así e máis, van vostedes contra o propio sistema e traen hoxe aquí un documento de Plan baseado totalmente na inseguridade xurídica, no casco urbano, no rural, sen exposición ó público, sen respectar os dereitos dos veciños. Polo tanto, a inseguridade xurídica é latente, é totalmente latente, porque no casco urbano Sr. López, di vostede que se fixeron modificacións puntuais, dicía o Sr. Berto, portavoz. Dicía que as modificacións non eran significativas. Pois ben, existen modificacións significativas, existen moitos metros de diferenza dun Plan a outro e iso non o marcaba a Lei, non marcaba que dunha superficie de 101.000 metros cadrados de solo urbano non consolidado se debese pasar a 132.000, é dicir, un aumento do 30% en solo urbano non consolidado que iso desde logo non sabemos de onde sae. Tampouco sabemos por que desaparecen ámbitos que existían no documento anterior que foi a información pública e que apareceron, sen embargo, como dicíamos,

ámbitos novos de solo urbano non consolidado. Sacan uns e poñen outros sen información pública. No solo urbanizable delimitado ocorre outro tanto do mesmo. Existían no documento anterior que foi exposto ó público 15 sectores e resulta que agora, a maioría, 13 deles véñense modificados, véñense modificados sen que os veciños afectados teñan dereito a alegar. Estamos a falar dunha diferenza do 20% en superficie de solo urbano delimitado á baixa, que vostedes modifican. Estamos a falar de solo urbanizable non delimitado, dunha superficie onde se aumenta este tipo de solo, estamos a falar polo tanto de enormes cambios en canto ó número, en canto á superficie e en canto ós usos e ós ámbitos destes sectores. E iso non foi exposto ó público, os veciños non tiveron ocasión de ver como lles prexudicaba ou como non, non tiveron ocasión de saber se iso os beneficia ou non. Simplemente estamos conculcando os seus dereitos. A Lei nolo marca claramente. Polo tanto, eu non vou entrar en consideracións técnicas, non sei se son cambios substanciais ou non o son. O que si sei é que son cambios moi significativos e moi significativos no casco urbano, moi significativos tamén desde logo, sobre todo no rural. Porque se a Lei, se encheu vostede unha e outra vez de dicir que ía favorecer a adaptación sobre todo no rural, resulta que á vista dos datos os núcleos rurais que vostede propón non se axustan e non dan resposta á morfoloxía do noso rural. Non se preserva o carácter e a funcionalidade dos mesmos, non se permite a súa lóxica expansión vinculada ó crecemento que tanto se demandaba antes, e que todos compartiamos que era necesario. Sabemos que a Lei ten as súas limitacións, que efectivamente habería cousas que cambiar, pero que desde logo, o que non pode ser normal e o que non se pode tolerar é que esta adaptación implique un cambio na estrutura poboacional do noso concello porque o temos denunciado e o vamos a volver a dicir, o Plan que vostedes traen fai unha clara diferenza entre o norte e o sur do noso concello. E o propio Plan que vostedes propoñen hoxe aquí o pon e o recolle. Recolle que as maiores densidades de núcleos poboacionais están no norte, onde vostedes baixan a edificabilidade. Recolle que as parroquias con maior distribución territorial por habitante están tamén na parte norte, e é (insisto) onde vostedes baixan a probabilidade de edificar. E o seu propio Plan recolle que se está a perder poboación no sur, que está a verse claramente como a distribución demográfica, como os servizos do sur se ven afectados porque a poboación é maior porque están a saír desas parroquias e se están a ver claramente en decrecemento destas parroquias. E resulta que curiosamente, a parroquia que menor índice de poboación ten, que menor distribución poboacional ten, é na que vostedes deixan maior posibilidade de edificabilidade. Fronte ó norte dicimos que se ve claramente prexudicado no seu Plan, a maioría dos núcleos quedan pechados, a maioría dos núcleos non poderán construír e non poderán aumentar e é alí onde vive a maioría dos nosos veciños e veciñas. Non esquezamos que o rural é o que nutre o noso Concello e a maioría dos veciños están morfoloxicamente nas parroquias do norte, parroquias nas que, como dicíamos nas que vive máis xente, nas que actualmente hai máis servizos e tamén aquelas nas que a idade de poboación parece, parece que pode invitar a construír no futuro. Desde logo, sería necesario e este Plan adolce dun informe completo de cales son as tendencias demográficas e cal foi o crecemento poboacional da Estrada, respecto a como evolucionou nos últimos anos. Considerar desde logo que o crecemento nos salidos dos núcleos rurais son contra os costumes da sociedade rural e que o crecemento desde logo debe reflexarse en novas parcelas, e a maioría dos núcleos o que fai agora mesmo este Plan é limitarse a recoller as vivendas que xa están construídas, de modo que nunha alta porcentaxe (como dicíamos) a superficie de edificabilidade nestes núcleos xa estará agotada. E facía mención antes dos dereitos dos veciños, e facía mención da súa posibilidade de coñecer o Plan, de coñecer os documentos, de como lles afecta e resulta que se estima que non hai cambios suficientes como para sacalo á exposición ó público. Pois simplemente, por cordura, por sentido común, parece que teñen dereito tanto no casco urbano como no rural, a saber que é o que pasou. Porque existiron varios procesos de participación, efectivamente, pero para outros documentos. Existiu un proceso de participación no 2009, dous meses de exposición ó público, e del saíron máis de 1.000 alegacións aceptadas, das 2.000 presentadas, saíron

máis de 1.000 alegacións das que hoxe non se sabe que pasou con elas neste documento, porque así se nos manifestou nas comisións. Non se sabe, e hai persoas que alegaron, que foron afectadas e que resulta que non se contempla que pasou, e non se sabe, polo tanto, estes veciños non saben que pasou con este tema. Desde logo parece de recibo que teñan dereito a participar e acceso, e desde logo estamos ante un momento crucial, o momento económico parece propicio, non existe presión urbanística, non existen grandes tumultos, non existen grandes protestas. E é certo, a xente está cansada e está cansada en moitos casos de que a xente lle minta, de que lles vaian a dicir que coa adaptación á Lei vai a mellorar a súa capacidade de edificación, que o rural se vai a ver beneficiado, que o casco urbano tamén. Están cansados destes debates estériles, de que se lles vaia á porta a contar unha cousa que non sexa a realidade; e a realidade hoxe está aquí, nos datos, enriba da mesa. Este Plan que se trae hoxe aquí, non só reduce edificabilidade, non só deixa pechada a posibilidade de desenvolverse economicamente o noso concello, posto que vaise limitar moito o desenvolvemento dos núcleos que fundamentan o noso concello, se non que ademais é susceptible de ser recorrido. Diranme vostedes: "todos son susceptibles de ser recorridos", efectivamente, pero non todos de que ese recurso prospere. Vendo as diferenzas, os distintos informes que hai aquí, informes de técnicos accidentais que parece a priori que non teñen a experiencia requirida nos temas urbanísticos. Falta de informes de persoas que traballaron no Plan, que levan moitos anos traballando nos documentos urbanísticos deste Concello e que velan pola legalidade urbanística. Esa si é a súa responsabilidade e non se contemplan eses informes, a pesares de que si traballaron inicialmente nas correccións do Plan. Pero parece ser que para a adaptación non eran válidos, parecer ser que os informes se di que son tendenciosos, pois hai persoas que o seu traballo é simplemente defender a legalidade e que iso é o que os posibilita para facer informes, para velar pola legalidade e para que os informes deste concello sexan correctos en canto ás distintas normativas e legalidades. Desde logo, dende o noso grupo xa o dixemos, non imos ir contra o Plan, non imos ir á Xunta de Galicia a pedir que o paralicen como outros si o fixeron no pasado. Todos recordamos que en febreiro de 2011, como dicía ó comezo, se empregaron argumentos falsos. Que se presentaba un Plan que recortaba edificabilidade, sen posibilidades de crecemento, e resulta que, como dixeran ó principio, unha e outra vez, o Plan que hoxe traemos aquí reduce moito máis. Hoxe é un Plan o que traemos aquí que foi modificado claramente, ó que non tiveron ocasión de alegar os veciños, o que é susceptible, como dicíamos, hai visos de que os recursos poidan prosperar. Nós, incluso (o dixeran antes), poderíamos asumir os recortes, pero desde logo a inseguridade xurídica que é latente neste Plan fai que desde o noso grupo non poidamos apoiar este Plan. Non poidamos apoiar este Plan porque, ó final, vostede dicía cando estaba na oposición que o Plan era do Concello. Efectivamente e vaino aprobar a Xunta, pero os responsables somos os membros do Concello da Estrada. A responsabilidade política é nosa. Nosa é a responsabilidade de dotar este concello dun Plan Urbanístico, dun Plan de Ordenación Urbana que realmente sirva para o concello e este non o fai. Estamos de acordo que é necesario o Plan pero non un Plan baseado na inseguridade xurídica. Non entendemos que os informes que leva este Plan poidan facer que se paralice xudicialmente o Plan e resulta que así é. Estes informes que obran e os informes que aparecen a maiores poden facer que o Plan se paralice xudicialmente. E, desde logo, é polo tanto unha ocasión perdida unha vez máis para os veciños da Estrada e os políticos que hoxe están no Concello soamente deben de estar pensando en que, dicía o Sr. Alcalde ó comezo, hai que aprobar o Plan. E hai que aprobar o Plan non por beneficio de todos, parece ser, se non simplemente para dicir que está aprobado. Iso é un craso error, Sr. Alcalde, é un craso error desde o punto de vista do noso grupo, posto que o Plan ten que ser o documento que sirva para o Concello da Estrada, o documento que sirva e dinamice o Concello da Estrada. Polo tanto, dende o grupo socialista, como dixemos, apoiariamos un Plan que respectase ós veciños incluso podendo chegar a asumir, como dixeran, a redución de edificabilidade; pero desde logo un PXOM que estivese baseado na seguridade xurídica, co referendo dos informes favorables

dos técnicos titulares deste concello, que son os que día a día están traballando no urbanismo. Pero resulta que non só iso, se non que tamén se amputou a participación cidadá. E déixase claro, polo tanto, que vostedes non están á altura da tramitación deste Plan. Nin respectan ós veciños nin respectan o traballo dos técnicos. Nós non imos ser cómplices, polo tanto, do maior ataque contra os veciños da Estrada e desta chapuza de tramitación que nos leva simplemente ó reflexo do que está a acontecer hoxe. Pero tampouco un obstáculo para que vostedes continúen en solitario. Só dicir que é unha temeridade, unha temeridade seguir adiante cun Plan que se sabe que vai a ser recorrido; ningún Plan está libre de selo, pero desde logo este está abocado a selo como xa está manifestado por algúns veciños e, desde logo, coñecendo o pasado e o presente do urbanismo da Estrada parece de sentido común buscar un Plan que estea baseado na seguridade xurídica, darlle ó documento un camiño responsable. Este xeito apresurado de proceder neste último mes deixa o que é a responsabilidade do goberno toda en solitario para el, posto que encima da mesa está, a sorte está botada e o concello é o que vai a ser responsable de sacar adiante un Plan, como dicíamos, que ten moitos visos de non prosperar, de non seguir arriba, de non servir en definitiva para que A Estrada medre, para que A Estrada prospere. E se seguen por esa vía desde logo, non poderán alegar no futuro descoñecemento. Serán, desde o grupo do goberno, culpables do desastre do PXOM con premeditación e alevosía, dicía vostede en declaracións de anos anteriores. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: *Moi ben, pois para ir encamiñando o debate, creo que antes de darlle paso ó voceiro do BNG, hai algún aspecto que eu creo que é convinte deixar meridianamente claro. Sobre todo o desafortunado da súa intervención en canto a determinadas acusacións que eu creo que son extremadamente aventuradas, lixeiras, dunha persoa que eu creo que ten máis capacidade que todo iso que improvisar desa maneira e verter demasiadas acusacións que, debería ter forma de xustificalo, cando menos. Independentemente diso, vou a procurar non entrar na dinámica do debate que non aporta absolutamente nada. O que si está claro é que os recursos hai que gañalos. Tódolos plans creo que foron recorridos, a gran maioría deses recursos foron perdidos, como caso ten o Plan Xeral de Vigo que sufriu uns cambios non substanciais se non brutais antes da aprobación provisional, incluso afectando do 20 ó 40% en tódalas vivendas de protección pública, que é un cambio radical no deseño do Plan Xeral, e as sentencias están sendo favorables ó Concello de Vigo, fallando en contra (e xa van alá máis de 80 sentencias dese Plan Xeral), fallando en contra deses veciños e a favor do Concello; ou sexa, que os recursos está ben presentalos pero unha vez presentados..., e nós coñecemos ademais que así ía ser, que se ían a presentar recursos porque pode ser un Plan condescendente cos intereses das grandes fortunas da Estrada, como era o seu Plan, ou pode ser un Plan rigoroso e igual e equitativo para todos como é este Plan. E aplicando a situacións iguais, criterios exactamente iguais. Creo que este goberno defende os intereses de tódolos cidadáns da Estrada, os intereses xerais dos veciños da Estrada, e non defende intereses particulares ou concretos de ningunha asociación e de ningún particular que ten as mesmas condicións que calquera outro, e polo tanto ten que ser tratado exactamente igual independentemente de que teña máis diñeiro ou menos diñeiro, ou máis capacidade de influencia ou menos capacidade de influencia. Creo que nese aspecto, este goberno o tivo claro desde o primeiro momento, non somos sospeitosos, porque o dixemos sendo oposición, o dixemos sendo goberno, volvendo a ser oposición e volvendo a ser goberno: que nós non nos iamos a dobregar ós intereses de catro persoas que o único que miran é o seu interese particular. Que nós iamos a tomar decisións pensando no interese xeral. E así, dese froito, desa decisión, xorde este documento do Plan Xeral, nese caso distinto ó que vostedes plantexaron. E de aí evidentemente veñen os recursos, cando a un non se lle da o que quere ou o que pretende ou cree que é de recibo, pois xorden problemas, e haberá que dirimilos dentro do ámbito competencial e dentro do ámbito xurídico que toque. Estamos dispostos, e creo que ademais non é unha decisión que vaia a tomar este grupo de goberno se non que é a Xunta de Galicia, e a Xunta de Galicia nos dirá se eses*

solos están ben clasificados ou non o están, ou se atende ó criterio de aplicar un criterio igual para todos ou de que se fagan diferenzas. Vostedes defenden unha versión e nós defendemos outra, veremos cal é a versión que se impón ó final. Outro aspecto que non podo coincidir con vostede é que o rural estea bloqueado; o rural está bloqueado agora, despois de dez anos sen unha soa licenza para poder construír no rural, o rural si está en situación límite. Agora, non podo compartir con vostede que o rural vaia a estar peor con este Plan Xeral que como está na actualidade, non o pode compartir. Vai estar infinitamente mellor, vai a ter unha posibilidade de desenvolvemento infinitamente maior, porque agora é cero, e polo tanto vai ter unha posibilidade de fixar poboación e de crear desenvolvemento neses ámbitos. Ademais eu creo que fun claro no seu momento, eu sigollo dicindo agora: esta adaptación do Plan á Lei é moi beneficiosa para o rural; e o dixen non coas palabras que dixo vostede, se non coas palabras que dixen eu (e me vai permitir que utilice as palabras que utiliceu sendo eu a persoa que o fixo), e é que coa nova Lei do solo desaparecen as áreas de expansión, e iso vostede sabe que está facendo unha trampa, á hora de interpretar os datos, unha trampa tendenciosa aportando os datos que a vostede lle interesa, pero sabe que non son verdade, e a realidade é que todo o solo que estaba en área de expansión no anterior Plan Xeral eran todas inexecutables, non se podían dar licenzas en áreas de expansión, vostede o sabe perfectamente. Non sei se estaba vostede nas Comisións informativas, aquí hai xente que si estaba, e despois do moito debater o tiveron que reconecer: no anterior Plan Xeral as áreas de expansión eran zonas, bolsas de solo que quedaban contempladas no ámbito dos núcleos, pero que en ningún caso se lle podía dar licenza para poder edificar e, polo tanto, se lle creaba unha expectativa ós veciños que nunca ían poder colmatar. Coa nova Lei, sabendo desa grave problemática que tiñan as áreas de expansión, curiosamente, supoño que alguén será capaz de interpretar iso, alguén é capaz de saber por que desapareceron ás áreas de expansión na nova Lei?, supoño que ten unha explicación e a explicación é que desaparecen as áreas de expansión e pasa a ser todo núcleo porque en dez anos nunca se desenvolveu nin unha soa área de expansión por toda Galicia, ningunha, nin a primeira, e polo tanto non houbo nin unha soa licenza en ningunha área de expansión. E o que conseguimos é incorporar a práctica totalidade dese solo de áreas de expansión, que a efectos prácticos non valía para nada, incorporala coa adaptación á Lei dentro do núcleo, e conseguir que esas fincas si teñan licenza real e si teñan e cumprir esa expectativa que os veciños teñen á hora de construír. Ese cambio é tremendamente beneficioso para o rural e nós o defendimos, e esa foi a nosa explicación desde o primeiro momento. Polo tanto, permitame que llo diga coas miñas palabras, porque así realmente foi. Sabe vostede que este Plan Xeral foi exposto ó público catro veces e desde o seu inicio no ano 2002, este Plan Xeral se iniciou no ano 2002, tivo unha exposición ó público no 2003, no 2004, no 2005, no 2009; e bueno, entendemos que ese proceso de participación pública foi enriquecendo o documento, pero o procedemento ten que parar porque se non vostede é consciente, e o acaba de dicir, que resolveron favorablemente mil alegacións, e o mesmo criterio que utiliza vostede tamén o podo utilizar eu, o Plan Xeral seu non podía ser remitido á Xunta de Galicia porque tiña cambios substanciais. Despois de resolver favorablemente mil alegacións, modificaban claramente a clasificación do solo, polo tanto, a ese nivel os cambios que se producían serían substanciais e sería un procedemento sen fin, que nunca remataría. Polo tanto, hai que rematar dunha vez por todas ese procedemento, e hai que poñerlle fin dunha forma razoable e sensata. Despois eu si lle digo, creo que non dubida, o importante neste proceso na aprobación provisional, é que a tramitación administrativa estea clara; eu creo que, o trámite administrativo está perfectamente regulado, creo que cumprimos con tódalas condicionantes da tramitación administrativa. Se convocaron as correspondentes comisións, está o informe completo e a disposición da oposición, o debatemos hasta en catro comisións informativas, tiveron tempo de analízalo, se fixo o ditame, ditaminou favorablemente para o pleno e, polo tanto o que é importante nestes momentos, que é se o trámite administrativo que nos corresponde tutelar se está feito de forma correcta que sexa a Xunta de Galicia que é a que ten a competencia

para resolver o Plan, coa seguridade xurídica precisa, evidentemente. Eu non vou entrar en comparacións, pero eu lle podería contar aquí que no Plan do ano 2009 vostedes mandaron o documento a avaliación ambiental estratéxica antes de ter resoltas as alegacións. Imaxínese vostede, tremenda barbaridade administrativa, nun procedemento que podía tumbar directamente o trámite administrativo do Plan xeral. Iso si que é inseguridade xurídica. Mandan vostedes o Plan, a avaliación ambiental sen ter convocadas as Comisións informativas para resolver as alegacións; polo tanto, xa tiñan o Plan pechado, as alegacións incorporadas, o documento en Santiago e a Comisión informativa aínda non estaba convocada para reunirse. Iso si que é unha burla de calquera tipo de procedemento administrativo e así consta no expediente. Inseguridade xurídica tamén é que ó alcalde lle mande ó notario a concejala de Urbanismo para que lle pase as alegacións que nunca chegaron ós domicilios e que teñan que facer uso dunha acta notarial a concelleira de Urbanismo para certificar notarialmente que o alcalde non quere recibir as alegacións do Plan Xeral que non se sabe onde estiveron gardadas durante un ano e medio. Iso si que é unha vulneración dun proceso administrativo. Vulneración dun proceso administrativo é que a Secretaria naquel momento emita un informe dicindo que ela non pode responder nin pola custodia do documento nin pola custodia das alegacións nin pola tramitación do Plan Xeral. Ese si que é un problema administrativo grave e iso todo, todo, o tiña o Plan Xeral do ano 2009. Todo iso. Iso si que é dunha gravidade extrema e que pon en duda a legalidade do procedemento administrativo que ten que tutelar o Concello. Ó final, vostedes din, este Plan pode ter recursos, pode acabar nos tribunais, bueno, eu só teño unha certeza e é que o seu Plan acabou nos tribunais. Esa é a única certeza que existe a día de hoxe. O seu Plan Xeral por decisión política do goberno bipartito acabou nun xulgado e tivo que vir este goberno a retirar o contencioso que tiña no xulgado para poder continuar coa súa tramitación ordinaria de acordo coa Xunta de Galicia. Esa é unha realidade contundente e palmaria. Polo tanto, se temos algo claro é que o seu Plan administrativamente foi unha chapuza, o seu Plan. E a vostede valíalle con todo isto que lle estou dicindo e máis cousas, o seu Plan acabou nun xulgado e o noso Plan, de momento, administrativamente aquí está. Se hai algo que dicir á legalidade do procedemento administrativo me gustaría escoitalo, se realmente hai algún aspecto concreto sobre a legalidade de todo este procedemento sería convinte sabelo, e se non hai duda sobre a legalidade do procedemento, pois creo que estamos no momento de proceder á conclusión do trámite administrativo municipal e remitilo a quen ten competencias para que faga as valoracións definitivas. E isto non quere dicir que ó mellor o Plan chegue á Xunta de Galicia e a Xunta nos diga que hai que facer determinadas modificacións; benvidas sexan, nós esperamos conseguir a aprobación do Plan Xeral, pero será a Xunta de Galicia a que nos diga e a que nos detalle aspectos concretos e detalles importantes do Plan, porque non creo que pretendan aprobar un Plan Xeral que non se axuste á legalidade. Por iso sempre temos ese filtro, e como ben sabe vostede os informes que se incorporan ó expediente (e vostedes o sabían perfectamente) son preceptivos, non son vinculantes. Esta corporación é soberana para tomar a decisión que considere oportuna e a vostedes ademais de todo este proceso administrativo e tódolos informes que había de Secretaria que había tamén falando do procedemento do Plan, que non era o axeitado, vostedes trouxeron o Plan cun Secretario accidental e cun informe técnico do Arquitecto Municipal que é o mesmo Arquitecto que firma este Plan. Ou sexa, a mesma situación. Arquitecto Municipal o mesmo, Secretario accidental da mesma maneira que agora mesmo, a vostedes administrativamente valíalle e agora non. Bueno, hai que buscar unha desculpa para desmarcarse. Eu creo que no fondo vostedes están satisfeitos e orgullosos de que se aprobe o Plan porque creo que, sinceramente, son xente preocupada e interesada polo interese xeral da Estrada, aínda que non o poidan dicir; e creo ademais profundamente na súa responsabilidade á hora de continuar con todo este expediente. Así que seguimos co debate, e damos a palabra ó Sr. Magariños para que faga uso da súa palabra.

Durante a intervención do Sr. Magariños sae e volve a entrar do Salón de Plenos o Sr. Espiño (entre as 21:54 e as 21:57 horas).

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Moitas grazas, Sr. Alcalde. Estamos ante un Plan Xeral, é o Plan Xeral do Partido Popular tanto porque se elaborou tendo como marco-referencia a Lei do Solo do Partido Popular, Lei que para nada se adapta ás necesidades do noso concello porque as modificacións que o PP se empeñou a levar a cabo as fixo só, porque nin contou coas opinións dos veciños nin coas dos partidos da oposición. E polo que vexo, hoxe aínda máis do Partido Popular porque se segue empeinando en aprobalo sen información pública, que mellorara se era posible este Plan ou en todo caso para aplicar o principio de precaución, polo menos eliminamos unha cuestión xurídica como é o dereito a alegación, a exposición pública. Este é un documento que conculca un dos principios fundamentais da ordenación do territorio que é a participación dos cidadáns porque este documento incumpre este principio de principio a fin porque estamos ante cambios substanciais. Hai máis de 500 vivendas que quedan fora da ordenación, cambios na planificación no medio dos núcleos, cambios na clasificación do solo e non só no casco urbano. É certo que o concelleiro responsable presidente da Comisión de Urbanismo falaba de que na última Comisión se presentaba a planimetría duns núcleos. Efectivamente eran 30 núcleos, un 7% que podíamos estar falando de cambios insubstanciais. Pero o problema é que hai máis do 15% dos núcleos rurais presentan cambios na súa morfoloxía, cambios substanciais. Non só iso; hai núcleos que no anterior Plan figuraban cunha denominación e neste non se contemplan en ordenación, quedan fóra da ordenación e a Lei si o permitiría porque se podería entrar como núcleos singulares, este foi un criterio técnico, non é dunha mera adaptación. O Plan, como ben di unha das sentencias que se alegan no informe, non no informe que presenta o Secretario titular se non no informe que nos presentou a Secretaria accidental di, a modificación substancial debe contemplarse dende a perspectiva que suministra examinar o Plan no seu conxunto. E ó examinar o Plan no seu conxunto hai tantos pequenos cambios que estamos ante un cambio substancial. O análise no conxunto neste documento mostra que os plantexamentos que se tiveron en conta no documento anterior non se teñen en conta neste, co cal estamos nun documento diferente. E basta lembrar que o 80% das alegacións estimadas ó documento anterior proceden do solo do núcleo rural, e se temos en conta como se cita no documento proxección de poboacións futuras, xustificación poboacional axustada ás demandas e as realidades que atender ou ó axuste do crecemento en núcleo rural tradicional e debido ás enquisas realizadas polo Concello á poboación que se traduce no compromiso de edificación intentando achegarse o máximo posible á demanda de vivendas existente por parte da poboación. Isto son frases do actual documento. E a día de hoxe sigo esperando a que o equipo redactor concrete este dato, que como ben saben os integrantes das Comisións de Urbanismo, fixen esa pregunta en dúas Comisións e nas dúas me dixo que non se fixo. Non sei se non se fixo este plantexamento para elaborar o que son os núcleos rurais ou simplemente non se fixo ou non se contemplou cantos quedaban fóra destas alegacións, destes compromisos de edificacións que parte dos plantexamentos da elaboración do documento, para o crecemento do Plan. Este empeño que ten o Partido Popular en gañar uns meses, tempo que por certo teríamos gañado se este documento se presentase no mes de setembro e a estas alturas estaríamos a punto de finalizar o proceso de información pública vai a levar a cabo un retraso moito maior porque como supoñemos vai a ser recorrido porque se incumpre o principio de exposición pública e estamos ante un caso de indefensión dos cidadáns por non ter feita esta exposición pública. E en todo caso, apliquemos o principio de precaución, polo menos eliminemos esa posibilidade, polo menos eliminemos esa posibilidade. Que se o Plan que elaboraron está conforme á Lei, repito non estou conforme dela, as alegacións que non se axustaran á Lei non había por que telas en conta o que pasa é que, claro, é difícil dicirlle ós

cidadáns cando van alegar que non. Pero bueno, nós non só consideramos que haxa cuestións legais que xustifiquen esta exposición pública, se non que tamén consideramos que hai cuestións de ética política porque os veciños e veciñas non só teñen o dereito a alegar sobre este PXOM, senón que teñen que pedir explicación sobre as modificacións a este documento. Pois sempre os plantexamentos técnicos que se apliquen escolleron a outra opción estar influenciados por puntos de vista políticos, creamos ou non, pois, calquera disciplina, e sobre todo a ordenación do territorio é unha disciplina, ademais de científica, é unha técnica administrativa e é unha técnica política. É por iso que os veciños e as veciñas ademais de ter o dereito teñen que ter a posibilidade de preguntar "existe outra alternativa ó meu problema?". Podémoslles contestar si ou non, pero teñen que ter (bueno dereito xa o teñen) pero teñen que ter a posibilidade, darlles a posibilidade. Pero a parte desta cuestión que para nós é fundamental, para o BNG é fundamental a exposición pública, estamos ante un documento que empeora substancialmente o anterior. As modificacións que se introduciron foi froito do empeño do Partido Popular en modificar o Plan anterior. Defendemos e seguiremos defendendo que se podía aprobar o anterior Plan en función da Lei que había naqueles momentos, e as modificacións que fosen necesarias, introducilas a posteriori. Pero bueno, foi unha decisión do Partido Popular, unha decisión política, entón é a súa decisión. Este Plan é peor co anterior porque reduce a capacidade de construción no rural. Ademais de reducila, é moi pouco diversificada, concentrando ademais toda a poboación no entorno da vila. Outro dos criterios que cambia con respecto ó Plan anterior porque cambiamos os plantexamentos de medre da poboación do norte ó sur e do sur ó norte, cámbian substancialmente. Ademais, séguese pensando que a inversión privada vai ser a que leve a cabo este proxecto, e no contexto actual de crise económica sabemos que non vai ser así. A priorización dos obxectivos de poboación tiña que estar en función dos intereses xerais e só isto se pode conseguir se o Concello asume estes obxectivos prioritarios, e non vemos en ningún caso no Plan que se recolla este criterio. Somos conscientes de que A Estrada precisa un Plan Xeral, pero este ten que estar con todas as garantías de que un xulgado non o paralice. Non podemos deixar que teña flocos a presentación deste Plan, e este deixa moitos, e con este informe, que por certo tiven coñecemento á entrada deste pleno de que existía este informe, os flocos son mais que abondosos. Estamos ante unha situación que o Partido Popular creou, polo que é a súa responsabilidade aprobalo en solitario. Non se pode pedir o apoio das demais forzas políticas cando ata o de agora se levou o proceso en solitario. É a súa responsabilidade, única e exclusiva súa, co cal terano que aprobar en solitario.

Sr. Alcalde: *Moi ben, Sr. Magariños, moitas grazas. Pois claro que é unha responsabilidade do goberno e a asumimos así como tal desde o primeiro momento. Nós cremos firmemente, decididamente, en que o Plan Xeral é a ferramenta de desenvolvemento urbanístico e desenvolvemento económico da Estrada, creémolo firmemente. E como o cremos firmemente, cremos que a súa aprobación é vital para ese desenvolvemento urbanístico. Outros creen que a súa non aprobación é importante ou queren sorber e soprar á vez, queren dicir que o Plan é fundamental, que no caso de que o Partido Popular requirise unha maioría o valorarían votar favorablemente ou apoiálo, pero como non é, pois van a votar en contra; e bueno iso é a dicotomía do BNG, ese estado dual no que viven habitualmente no Bloque Nacionalista Galego, que son capaces de dicir a mesma cousa e a contraria na mesma frase, cousa que a min me resulta bastante complexo. Aínda bo é que agora se van aclarando, pero a verdade é que me custa bastante entendelo, porque fala vostede de precaución; levamos 20 anos aplicando o criterio de precaución co Plan Xeral, 20 anos aplicando o criterio de precaución e prevención, exposicións públicas, novos documentos, cambios de equipo redactor, novas exposicións públicas, novo documento do Plan Xeral, novo traballo, novo avance, novo inicio, nova aprobación..., levamos 20 anos previndo, levamos 20 anos lamentándonos de non ser capaces de conseguir aprobar o Plan Xeral. E eu presido un goberno que non vai seguir lamentándose eternamente, de non cumprir un compromiso que*

é responsabilidade única e exclusiva nosa, deste goberno e desta corporación. O que queira quedarse ó marxe seguirá estando na mesma liña e na mesma estratexia que tivo desde fai 20 anos, que falan dunha cousa e queren a contraria. Falan de que queren o Plan Xeral pero poñen pedras no camiño para aprobalo. Pero 20 anos así levamos. E como non houbo nadie que tivo a decisión e a valentía de afrontalo, pois levamos 20 anos sen Plan Xeral. Ese é o resumo da realidade e tivemos tanta precaución, “que tanto la queríamos y entre todos la matamos”, porque ó final tanta precaución nos levou a que matamos o Plan Xeral ata en catro ou cinco ocasións, porque non fomos capaces de levalo adiante. E vostede sabe ademais que os Plans Xerais son ferramentas complicadas. Eu tiven a oportunidade de analizar e estudar en profundidade e detenidamente as evolucións de outros moitos Plans Xerais, practicamente todos os que se aprobaron ultimamente foron recorridos por un motivo ou por outro, por discrepancias coas clasificacións do solo, por recursos en determinados ámbitos concretos, por recursos á totalidade do Plan Xeral..., todos, practicamente todos. E é a última vía administrativa que ten calquera administrado para reclamar os seus dereitos, pero é que estamos demonizando aquí a vía xudicial. A vía xudicial é unha vía alternativa á vía da consulta pública que ata foi en catro ocasións este documento do Plan Xeral a exposición pública. E se reincorporaron e se incorporaron as alegacións e esa é a vía administrativa, e cando se pon fin á vía administrativa, que é a Xunta de Galicia, queda a vía xudicial, pero como en calquera outro tramite administrativo municipal. E ós xulgados o que considere que se ve lesionado nos seus dereitos vai acudir, fagamos exposición pública ou non a fagamos, iso o teño por suposto. Non é garantía ningunha de non recurso ir á vía xudicial. Na vía xudicial cada un terá que aportar o que considere oportuno e cada un terá que demostrar. Como comprenderá, nós non nos lanzamos alegremente á piscina. Nós estamos asesorados por informes xurídicos externos e por persoal que nos identifica os cambios. Están identificados perfectamente tódolos cambios que hai no documento e todos son coincidentes que a xurisprudencia nos últimos dez anos evolucionou dunha forma radical; así como fai dez anos o principio de participación cidadá era un principio prioritario e calquera modificación se establecía como susceptible de volver outra vez a unha nova exposición pública, de fai dez anos ou doce anos para aquí, esa xurisprudencia..., porque ó final estamos falando de cambios substanciais e alguén dos que está aquí me pode dicir que significa ou como acotamos un cambio substancial? Vostede me di que un cambio dun 20% nunha clasificación do solo é un cambio substancial, e eu lle digo exactamente o contrario. E hai xurisprudencia dabondo que di que para que un cambio sexa substancial os cambios teñen que ser de tal magnitude que o propio documento sexa irreconocible con respecto ó documento orixinal, irreconocible; que se cambien os criterios de clasificación de solo, que se cambien os sistemas xerais, tódolos sistemas xerais, que se cambie o modelo de desenvolvemento do Plan Xeral. Iso é un cambio substancial e iso non é un cambio que recolle o documento do Plan Xeral. Vostede o dixo perfectamente, e coincido con elo, hai pequenos cambios, pequenas modificacións puntuais que, evidentemente en ningún caso teñen esa consideración de substanciais, en ningún. Pero en todo caso, o criterio de substancialidade é un criterio xurídico indeterminado, a Lei non o establece nin acota o que é substancial e o que non o é, non aparece acotado en ningún sitio. É a xurisprudencia a que vai desenvolvendo ese principio. E a xurisprudencia, como lle dicía antes, nos últimos doce anos é moi favorable e ven sendo moi permisiva ós cambios que introducen os concellos neste proceso de tramitación, e vemos centos de sentenzas en esa dirección. De feito, tódolos tribunais e tódalas sentenzas van desenvolvendo o concepto substancial a través da xurisprudencia e van permitindo cada vez aclaralo máis e identificar que os cambios substanciais son cambios brutais, enormes, xigantescos, cambios de modelo completos con respecto do documento orixinal. E este é o documento de partida que tiñan vostedes mellorado e adaptado á Lei 2/2010, exactamente o mesmo modelo, ten os mesmos sistemas xerais, ten os mesmos criterios de clasificación do solo, ten os mesmos deseños das zonas de sistemas xerais, de sistemas locais, ámbitos de actuación, ámbitos de desenvolvemento, solo urbano

consolidado, as mesmas. E hai cambios puntuais concretos nos perímetros das zonas de actuación e hai cambios puntuais e concretos nalgunha clasificación ou cualificación, mellor dito. E por tanto, creo que a xurisprudencia e a lei están para iso. E é un dereito ademais que lle avala e eu entendo que calquera persoa que despois de catro exposicións públicas e despois de catro modificacións do documento non estea de acordo co Plan Xeral, recorra a esa vía. É lícito e non nos temos que rasgar as vestiduras, porque se non fora así, sería o primeiro Plan Xeral da historia que non é recorrido. E tampouco vai ser o caso. Así que cada un ten que defender os seus lexítimos dereitos, e eu o entendo, o comparto e o defendo, que recorramos a tódalas vías en defensa dos criterios que ten cada un. Despois hai que gañalos, os recursos, e hai que defendelos, e hai que xustificar moi ben que é o que recorre cada un. Aí pois cada un fará a defensa que considere máis oportuna. E con respecto ó final da súa intervención, eu creo sinceramente que o maior dano que se lle pode facer á Estrada é seguir téndoa na situación de indefensión, na situación de inseguridade e na situación de incapacidade por parte dos gobernos de non resolver un compromiso público e que debe ser de todos, de aprobar un Plan Xeral. Unha ferramenta que, como ben sabe vostede, é dinámica e se pode modificar e se pode flexibilizar e se pode cambiar e se pode actualizar no mesmo momento posterior á súa aprobación. E sigo insistindo, este é un trámite administrativo, falemos da seguridade. Se a min alguén me di, sinceramente, e aquí llo traslado, que este trámite ten algún problema, algún vicio administrativo no trámite, no transcurso do expediente que estamos a seguir pola Lei de Procedemento Administrativo, que o diga. Se a nivel administrativo, o expediente podía haber sido feito doutra maneira pero está feito de acordo á lexislación, pois creo que deixemos á Xunta de Galicia, que é quen ten que aprobalo, que asuma a responsabilidade que lle toca como máximo responsable en materia urbanística, e ó final é quen é o último responsable de aprobación do documento e aí esperemos que teñamos a capacidade suficiente e tamén contar con tódalas forzas políticas para conseguir a aprobación. E se queren, ó día seguinte empezará a modificar o documento e intentar melloralo no límite ou na capacidade das nosas posibilidades. Ten a palabra o Sr. Alberto Blanco.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Ben, pouco máis se pode añadir a xa todo o que se leva falado. Simplemente facer un par de comentarios. Que desde o grupo socialista só se fala do pasado, non se di que defectos ou erros existen. Os defectos que existen xa os dirá a Consellería como ben acaba de dicir o Alcalde, que é a última garante da aprobación, é responsable. Estamos ante trámites non recorribles, isto será recorrido o que ditamine a Xunta de Galicia. Me alegra escoitar que non existen cambios substanciais (bueno, eu penso que si o dixeches) por parte da portavoz do grupo socialista, que di que “serían importantes”, non se atreve a dicir que “serían substanciais”, bueno me parecer un..., bueno ó mellor entendina mal. Entendina mal, bueno mirarémolo... en todo caso, pido disculpas...

Sr. Alcalde: Non entre por favor en debate e fale na intervención con posterioridade.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Non sei, volvemos co discurso de norte sur, iso xa se discutiu 25 veces no ámbito da Comisión. Polo equipo redactor se explicou por que saía unha morfoloxía en cada lugar, que partía da morfoloxía anterior na que estaban incorporadas as alegacións que se fixeran no seu momento e que foran aceptadas. Por iso creo que pouco máis queda por discutir. Fálase de inseguridade xurídica, non se di por que. Polos informes? bueno, os informes son preceptivos pero non vinculantes. Penso que lle estamos dando demasiada importancia a algo que se volve de pronto demasiado importante e penso que demasiada forza para tan pouca viaxe. Pero bueno, é unha opinión persoal, nada máis. Bueno, simplemente, o Sr. Magariños: volver a discutir as nosas diferenzas sobre o que é substancialidade a efectos de exposición pública no rural. Non se pode ir en contra da

xurisprudencia, di o que di e o principio de precaución é convinte, pero en determinadas ocasións. Eu de verdade lle digo, desde o corazón, que estou absolutamente seguro de que a tramitación que foi levada a cabo por este Concello é absolutamente axustada á legalidade. Está consultado, temos consultorías externas, os técnicos que si son expertos en Urbanismo porque así o acreditou o seu vagaxe profesional, secretarios de concello en excedencia, amigos persoais que se prestaron a facer aportacións..., de verdade que está todo mirado e moi mirado. De verdade que de corazón me gustaría que o creran.

Sr. Alcalde: *Moi ben, Sr. Blanco. Ten a palabra, Sra. Louzao.*

Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE: *Ben, moitas grazas, Sr. Alcalde. En primeiro lugar dicir, Sr. Blanco, que está ben, pensar é importante. Está moi ben. Aquí escoitáronse certas cousas ó longo de todo o debate que me levan a pensar que moitos avogados se perderon e que ser avogado é unha aspiración lexítima e que se consegue pasando pola Facultade de Dereito e aprobando a licenciatura. Agora ben, querer ser xuíz e parte aínda non sei ben como se acada ese título. Porque se dixo que hai moitos plans que foron recorridos e é certo pero é que a nosa responsabilidade é o Plan da Estrada e a nosa responsabilidade é dotar o documento da maior seguridade xurídica que se poida conseguir porque é que nós somos os responsables últimos de que a ordenación do noso concello sexa aprobada ou non. É unha responsabilidade política. Efectivamente, ten que aprobalo a Xunta pero e que os responsables somos nós, a corporación municipal, polo tanto. Se di que defende os intereses de todos, que o anterior era discriminatorio e que este defende os intereses de todos. Home, pois que me digan exactamente os de quen, porque resulta que non defende os de ninguén: o rural baixa o número de vivendas ofertadas, no casco urbano baixa, non existe a seguridade económica neste Plan. Hai informes, o propio informe dubida de certas capacidades económicas que se recollen. É mais, unha preparación económica que se fala de que a ampliación da alameda nos vai a custar máis de dous millóns de euros e de que esa ampliación simplemente vai ter un custe de vías e de alumeado e demais de 42.000 euros para o Concello e curiosamente nestes días, simplemente a ampliación do parque infantil da alameda nos vai a custar 50.000 euros, segun as súas palabras. Pero a ampliación dunha expropiación de dous millóns de euros nos vai a custar so 42.000. Ademais, se di que non é responsabilidade nosa. Home, se non é responsabilidade nosa para que nos elixen?, se non é responsabilidade nosa, por que que a Xunta non nos deu xa un Plan?. Tamén era responsabilidade nosa cando se entendeu que había que pedirlle unhas normas á Xunta e viñeron os tribunais e dixeron que esas normas que se ditaban non eran de acordo á legalidade e as tumbaron, e o noso Concello pasou a vivir na inseguridade, a pesar que desde un primeiro momento desde o Concello se dixo que non pasaba nada para despois recompoñer as declaracións e dicir que efectivamente habería que ir con tacto por esa sentenza. Polo tanto, como é a nosa responsabilidade defendemos que debemos ir a pola maior seguridade xurídica posible, a por un Plan para a tranquilidade para todos, non un Plan que siga deixando A Estrada e a súa ordenación urbana e o urbanismo coa espada de Damocles enriba da nosa cabeza. É un Plan no que dicíamos houbo unha exposición ó público pero non eran estes documentos, os veciños non viron como quedaban as súas propiedades, non viron que posibilidades de desenvolvemento tiñan. Polo tanto, o 80% do noso rural foi afectado por alegacións que se presentaron, o 80% das do rural; e vostede Sr. López estaba nesas Comisións, e vostede como membro desa Comisión velaría pola garantía legal das mesmas. Polo tanto, non diga agora que non se atíña á legalidade cando iso é unha falsidade. Pero minte vostede en varias cousas. Minte cando di que o goberno anterior non foi capaz de aprobar un Plan e que levamos intentando aprobar un Plan desgraciadamente neste Concello desde o ano 89, e chegamos incluso ata a obscenidade de que o Partido Popular no goberno, por decreto, tumbou un Plan que xa estaba aprobado e con visos de prosperar. Polo tanto, o goberno anterior, como vostede di, o bipartito soamente estivo catro anos, é dicir, todos somos conscientes de cal é a situación do*

urbanismo e de cales son as dificultades e de que é importante que exista ese Plan pero desde logo, non un Plan con vicios de como dicíamos de condenar o urbanismo da Estrada por decisión xudicial. Polo tanto, non é o mesmo ir ó xulgado a defender os dereitos dun pobo, a defender os dereitos de que se aplique a legalidade para o noso Concello, e igual que para outros concellos por unha transitoria, que ir de acusados. Non é o mesmo ir a pedir a defensa dos dereitos que ir de acusados. E desde logo, e como dicíamos antes, a memoria ambiental do Plan se basa en datos do Plan anterior. As fechas o demostran. Existe unha incongruencia nos propios documentos que hoxe se traen aquí, que se di que están adaptados á Lei, á modificación da Lei do 2010 e nin a memoria informativa, nin a memoria do rural recollen as afectacións de tal Lei. Soamente, dicir tamén existen incongruencias no propio documento que hoxe traemos aquí, nuns tomos se fala que existe aprobación provisional, noutros se di que non, nin o propio documento aclara cal é a situación. Desde logo, efectivamente o goberno hoxe vai aprobar un Plan e vaino enviar á Xunta e é moi posible que a Xunta do Partido Popular aprobe ese Plan, ou non, eles decidirán. Pero desde logo o que tamén é responsabilidade e temos que actuar en consecuencia é a decisión que temos que tomar aquí de se vemos a opción dun Plan que vaia baseado na seguridade xurídica, que vaia baseado simplemente na tramitación tranquila deste Plan, que non existan informes en contra, que non existan anuncios de recursos e desde logo intentar dotar á Estrada o antes posible da seguridade na ordenación urbanística que deberíamos ter. E lamento que ó mellor a vostede xa lle parezca ó mellor cansino o tema porque o vexo resoplar, pero desde logo a importancia do documento é fundamental. E se A Estrada soubo agardar todos os anos que soubo agardar e leva gastados moitos cartos, A Estrada tamén esixe respecto pola nosa parte e que lle demos un Plan que nós consideremos que é xuridicamente viable, un Plan que vaia a beneficiar porque iso é a función do Plan Xeral, que é unha ferramenta que ten que beneficiar ó noso Concello no seu desenvolvemento e no seu desarrollo. E desde logo esta Plan que hoxe traemos aquí non é a solución para A Estrada.

Sr. Alcalde: *Moi ben, Sra. Louzao, hai varios temas que me quedan claros. Sinceramente, despois da súa intervención hai temas que me quedan moi claros, un deles é que a súa única preocupación é a substancialidade dos cambios. Polo tanto, creo que temos un bo Plan Xeral, unha boa estratexia de desarrollo, temos uns bos criterios de delimitación e estratexia de actuación, creo que temos uns bos principios reitores á hora de deseñar o Plan Xeral. De verdade que me satisfai porque non tivo vostede nin o seu grupo nin dez segundos dedicados a analizar propostas, iniciativas, cal é o seu modelo, que lle gustaría para A Estrada, cal é a súa proposta, cal é a súa estratexia de futuro. Vostedes é: “non, o Plan Xeral non vale, o Plan Xeral non serve, o Plan Xeral non ten seguridade”, eu xa lle dixen, eu reto publicamente e que desde logo calquera partido que hoxe ten representación aquí que diga que se o trámite administrativo, que ó final é o que nos debe preocupar, nós temos que velar pola seguridade administrativa deste procedemento, que é un procedemento que nunca conclúe aquí, que o vai aprobar definitivamente a Xunta de Galicia, que o dicía ben o Sr. Blanco Carracedo, que este acordo non é recurrible no seu fondo, é recurrible administrativamente se ten algún erro na tramitación, e polo tanto iso se me preocuparía. Se vostede me di que lle preocupa a legalidade da tramitación do documento, me preocupa. Se me di vostede e me fala vostede de quimeras, pois me preocupa bastante menos. Ten que xustificar vostede o seu voto, e eu entendo que como non o puido xustificar por outros motivos, pois ten que buscar algún, e me parece lexítimo e perfecto. Pero me alegra e me agrada que a súa única lideira sexa sobre os cambios que, perdóeme que lle diga, eu non teño coñecemento, eu asesórome e non sei se vostede o estará tamén para ver se os cambios son substanciais ou non o son. Eu xa recoñezo que non, que eu non teño capacidade, e iso que me asesorei bastante, pero eu interpreto o que nos din; e o que aparece nos informes técnicos e urbanísticos e xurídicos do Plan Xeral é que non hai cambios substanciais e o que nós entendemos e interpretamos por ese asesoramento externo que temos, e consultada*

tamén á Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Urbanismo, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Deputación de Pontevedra e bufete de avogados especialistas en Urbanismo, todos se dan a coincidir no mesmo, que é a substancialidade é moi difícil hoxe en día de xustificala, que a xurisprudencia vai na dirección contraria en relación ós cambios substanciais que vostedes están dicindo, e que existen moi poucas posibilidades de que algún recurso prospere en canto ós cambios substanciais do Plan Xeral. E polo tanto a nós iso si nos dá certa seguridade para poder continuar coa tramitación deste documento. Que nós ó final coincidimos perfectamente, desde o ano 89 dicía vostede que incluso se chegou a tumbar un Plan Xeral que tiña visos de poder seguir adiante, coa maioría do Partido Popular porque o Partido Socialista non estaba polo labor de aprobalos, pero bueno agora recordamos os antecedentes, si, pero non co apoio do Partido Socialista, non ía co apoio do Partido Socialista igual que non foi co apoio do Partido Socialista no ano 2005 igual que non foi nunca co apoio do Partido Socialista nin do Bloque Nacionalista Galego en materia de Urbanismo. Nós si asumimos, e é certo, que hai que darlle seguridade, que vostedes non foron quen de aprobalos, que se encontraron obstáculos, exactamente os mesmos cos que se atopou este goberno ou máis incluso este goberno, que o Plan Xeral é unha carreira de fondo, onde eu teño que recordar e debo facelo así, a figura de persoas que asumiron esa responsabilidade, como pode ser José Manuel Reboredo no seu momento, como pode ser Irene Aguiar ou o alcalde Ramón Campos ou o alcalde José Antonio Dono, que asumiron a responsabilidade de intentar aprobar un dos documentos ou o documento máis complexo que pode existir na historia da tramitación administrativa dun pobo. Intentárono, non o conseguiron. E a miña responsabilidade, que está por encima de calquera outra cousa, me obriga a chegar ó límite e á extenuación do traballo, da complicidade e da implicación para conseguir sacar adiante esta ferramenta que para nós é fundamental. E ademais para darlle a oportunidade á Estrada de poder vislumbrar un futuro máis ambicioso e algo mellor, e que sexa esa palanca de desenvolvemento e de dinamización e de creación de emprego e de promoción da actividade empresarial. Esperemos que así sexa e esa é a nosa idea. Pero creo que os criterios reitores non van por mal camiño cando contan co beneplácito de tódalas forzas políticas desta corporación municipal porque non houbo nin unha soa proposta, nin unha soa crítica, nin unha soa aportación en positivo a ningún criterio do Plan Xeral. Polo tanto, entendemos que no fondo estamos todos de acordo e vostedes o único que encontran é intentar poñer esa pedriña no camiño que nós esperamos poder salvarla, esperamos que ó final todos nos sintamos algún día orgullosos de pertencer á corporación municipal que aprobou o primeiro Plan Xeral da Estrada. Ten a palabra, Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Voulle empezar polas aportacións, logo, para mellorar o Plan. Parte dunha base fundamental que é que esta Lei non vale para o noso rural. Entón, por iso este Plan non é a solución ós problemas do rural. Despois na vila, como xa dixemos moitas veces, na anterior etapa de goberno, o goberno bipartito como lle chaman vostedes, un dos compromisos que asumiu o BNG era sacar adiante o Plan Xeral, por iso estábamos dispostos a apoiálo aínda que non coincidíamos loxicamente ó 100% con este Plan. Unha das cuestións é que non compartíamos a temporalización ó 100%; para nós había outras prioridades, que se segue neste Plan mantendo esas prioridades, entre outras cuestións como indicou o Sr. Alberto Blanco na Comisión, cambiar estas prioridades implicarían modificacións substanciais do Plan. Por iso foi o criterio que non seguiu, por iso loxicamente non apoiamos este Plan porque non é o noso Plan. Pero aparte, voulle recoñecer unha cousa ben feita neste Plan, como foi a mellora das zonas de aparcamento ou a zona de aparcamentos que contemplan na parte de atrás do cruceiro, a máis próxima á Praza de Abastos, iso é unha boa cousa. Loxicamente, na elaboración, na tramitación dun Plan de Ordenación Municipal os criterios que priman son de quen goberna, é un documento político, queirámolo ou non, é un criterio político. Calquera manual e calquera sentenza e calquera tribunal xa lle recoñece que é un documento político, que non partidista,

non confundamos. Entón, loxicamente, as forzas da oposición podemos estar máis ou menos de acordo, dar o noso apoio máis ou menos. Como xa dixen, na etapa anterior o BNG estaba disposto a asumir riscos, porque aprobar un Plan Xeral eu recoñézolle que ten riscos, e estaba disposto a asumir riscos porque sabemos que A Estrada precisa un Plan Xeral, e por iso estábamos dispostos, pero o documento que se nos presenta aquí non da a suficiente garantía xudicial polo que falabamos antes da exposición pública; que estaría completamente subsanada e se realmente o Partido Popular tivera tanta presa e tantas ganas de aprobalo: por que non se trouxo este documento no mes de setembro que é cando estaba rematado? Se este documento se trae e se presenta no mes de setembro, a estas alturas estábamos case rematando a exposición pública e polo menos (todo acto administrativo é recurrible e sobre todo un Plan de Ordenación), pero polo menos non estábamos dando xustificación para que por este punto se puidera tumbar. Que crearemos unha situación de inseguridade bastante máis grande que ca que nos atopamos ata o de agora. E apelando ó corazón, voulle tamén dicir, Sr. Blanco, como cuestión persoal, que me gustaría equivocarme, que me gustaría equivocarme e que a opinión do BNG con respecto á seguridade xurídica era errónea e o Plan Xeral non ten ningún tipo de problemas. Pero si, creo que non me equivoco.

Sr. Alcalde: *Moi ben Sr. Magariños, grazas polas súas aportacións. Foron intensas e de moito calado as aportacións que fixo para mellorar o documento do Plan Xeral. Creo que quedaron claras e contundentes. A única aportación súa é que a zona de aparcamento en torno á Praza de Abastos é unha boa decisión. Eu tamén coincido con vostede que si o é e creo ademais que é a solución a un problema grave que tiñamos á hora de executar un proxecto como é a mellora da Praza de Abastos. Bueno, na liña, o que eu extraio da súa participación é que na liña de estratexia do BNG, da súa conclusión o que podemos sacar é que podemos instar á Xunta de Galicia a que nós conceda a potestade de poder cambiar a Lei do Solo. Sería unha proposta moi útil a súa, a do BNG, de dicirlle á Xunta lle conceda a este pleno a potestade de cambiar a Lei. A Lei é a que é, Sr. Magariños. A min xa me gustaría poder ter outras posibilidades e outras opcións, pero a Lei é a que é. Ou aprobamos o Plan ou non o aprobamos, déixese de caralladas, de se a Lei é boa ou a Lei é mala, ou se a decisión é boa ou se é mala; ou hai Plan ou non o hai, esa é a realidade e deixemos de caralladas, e llo repito; porque falar de que se a lei podía ser mellor..., claro que si, e claro que o Plan Xeral da Estrada podía estar aprobado fai 20 anos, e claro que nos podían deixar a nós a competencia para aprobar, pero non é así. Temos que ceñirnos á legalidade, e iso é o que está facendo este goberno. E discrepo ademais no aspecto de que o Plan Xeral é un documento político, profundamente, a ademais llo digo así. No 99% este Plan Xeral é un documento técnico que se axusta á realidade; e sabe ademais vostede cal é a diferenza entre un documento político e un documento técnico? O sabe vostede? Pois mire, que A Estrada por intentar facer un documento político botou 30 anos sen Plan Xeral, 30 anos, e agora, cun documento técnico vai ser capaz de poder aprobar un Plan Xeral. Esa é a gran diferenza entre o documento político e o documento técnico. O seu seguramente era un documento político, irían moitas decisións dentro do propio documento que eran inxustas, a sabendas de que eran inxustas porque beneficiaban a uns para prexudicar a outros. Esa si que é unha decisión política. Cando se aporta un documento técnico ten bastantes máis visos de ser legal e de conseguir a súa aprobación. E seguramente ese sexa o motivo polo cal este Plan poida ser un Plan aprobable pola Xunta de Galicia e non conteña criterios políticos que en determinados aspectos sexan inxustos para determinados sectores da poboación ou para a gran maioría. E ademais di vostede que é o Plan do PP. Mire, eu fágolle un reto e creo que o tivo na propia Comisión, vexa vostede o modelo do Plan Xeral a nivel urbano do seu Plan e o modelo do Plan Xeral a nivel urbano do Plan do Partido Popular: zonas verdes, as mesmas; espazos dotacionais, os mesmos; sistemas xerais, os mesmos; modelo de documento, o mesmo; a ronda norte, a mesma; a ronda sur, a mesma; o criterio de adscrición de zonas verdes, o mesmo; o criterio de adscrición de servizos*

públicos, o mesmo; os criterios das dotacionais, exactamente os mesmos; a clasificación dun solo, cambiar a clasificación dun solo urbano consolidado a solo urbano non consolidado ese é un cambio de modelo?, non. É un cambio substancial?, non. É un cambio de criterio?, non. É aplicar o mesmo criterio que se aplican ao resto de solos non consolidados. Esa é a realidade do que pasou co documento. Polo tanto, o documento en si é o mesmo documento do goberno anterior con modificacións concretas en ámbitos concretos e adaptado á Lei 2/2010. E ás modificacións fixo referencia o propio concelleiro e están desglosadas ademais, porque non están apartadas, nin escondidas, nin obviadas, están desglosadas e explicitadas concretamente no informe que acompaña este expediente, no informe de secretaría e concretamente no informe do Técnico Arquitecto Municipal, onde fai un repaso conciso e claro de tódalas modificacións que hai no Plan Xeral. E ademais, vostedes me sorprende que veñan con este debate porque ese non foi o debate nas Comisións Informativas cando tiveron posibilidade de aportar, e en ningún caso lles generou duda; por exemplo poño ó Bloque Nacionalista Galego que en ningún caso falou do solo urbano, sempre se ciñeu ós cambios no rural, sempre, en todo momento, e nas súas intervencións públicas tamén. E que agora esa sexa a vía de crítica deste documento..., Sinceramente llo digo, é mellorable, seguramente se podía facer doutra forma, seguramente habería xente máis capacitada. Eu creo que a ese nivel lle podo aceptar calquera tipo de crítica; agora, que é un Plan Xeral, é unha ferramenta que está encima da mesa que pode ser a diferenza entre o éxito e o fracaso dunha sociedade como é a sociedade estradense, que tivo que sufrir durante moitos anos a incapacidade dos distintos gobernos (no cal temos todos responsabilidades porque eu o asumín desde o primeiro momento) para non aprobar un Plan Xeral; e como a xente ás veces temos a posibilidade de cambiar a historia e de non seguir repetindo os mesmos erros que se viñan producindo durante os últimos 50 anos. E temos a posibilidade de poder actuar coas nosas decisións e poder modificar o transcurso dos acontecementos, hoxe creo que é un momento importante para iso. É un momento para cambiar esa dinámica perversa na que se instalou o urbanismo na Estrada, como todos coincidimos, desde fai máis de 30 anos, onde ninguén foi capaz, ninguén foi quen de cambiar esa dinámica. E desde logo eu creo que hoxe estamos ante esa grande oportunidade histórica de cambiar o futuro do noso concello e iso é a través dunha ferramenta que todos entendemos e todos participamos, que é fundamental, que é importante, que vai a ser a palanca de desenvolvemento. Que podemos diverxer, polo que eu vexo, na forma de tramitación, que non diverxemos en absoluto na legalidade do procedemento administrativo que é o que nos debe ocupar neste momento, que temos claro que é a Xunta de Galicia a que ten a competencia definitiva de poder aprobar e de dar validez ós aspectos que vostedes están facendo referencia nas súas intervencións sobre as cualificacións, sobre aspectos e modelo de documento, sobre eses aspectos terá competencia a Consellería, nós, que temos competencia por velar na seguridade xurídica do que é este trámite administrativo estamos as forzas políticas de acordo de que así é. Vostedes tiveron oportunidade de expresalo e creo que en iso coincidimos e iso é importante e iso é o importante. A partir de aí, eu lles podo garantir que teremos unha ferramenta que poderemos modificar, que podemos cambiar, que podemos deseñar e que podemos actualizar, e que estou convencido que nos obrigarán ademais ós cambios normativos que se produzan nos próximos meses, porque xa hai anunciada unha modificación da Lei do Solo, e polo tanto teremos que empezar a traballar na dirección de empezar a adaptarnos. E esperamos que sexa unha modificación beneficiosa para os intereses da Estrada e aí será onde nos toque de novo volver a poñernos a funda de traballo e volver a traballar outra vez de forma intensa para conseguir ese documento que todos agardamos. Por iso eu simplemente para rematar lle quero agradecer..., perdón, si, ten a palabra.

Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE: *Simplemente puntualizar un par de cousiñas que se dixeron, por alusións. Vamos a ver. Se ten acusado de que o Partido Socialista non puxo enriba da mesa alternativas. Ben, desde logo o Partido Socialista pediu facer un estudo dos*

núcleos que estaban fóra de ordenación posto que ó adaptalos á nova Lei existen núcleos que agora quedan fóra de ordenación e edificios que poderían ser incorporados. Iso non se ten feito e se nos dixo por parte do equipo redactor que non se tiñan nin sequera analizado. Se ten pedido que se teñan en conta os criterios de poboación de idade nos núcleos; non se ten feito. Claro, como se ía a ter feito se xa na primeira Comisión o Sr. Presidente da Comisión nos indicou que non existe marxe de cambio, que xa está na mesa e que non temos capacidade para modificalo. Entón, é moi difícil facer propostas cando iso se di así e se pode ver as actas da Comisión. Desde logo, se dicía tamén e me gustaría puntualizalo, que nós aquí so temos que velar como concelleiros para que se cumpra a legalidade. Desde logo o dixen antes e o repito, esa non é a nosa función. A nosa función é dotar de documento, que se cumpra a legalidade e velar por iso é a función do Secretario Municipal, do Secretario Titular. E se di que é difícil e se me preguntou a min se eu definía o que era substancial ou non. Desde logo eu non o defino, eu digo que son moi importantes os cambios que se teñen producido pero si desde logo é moi difícil definir o que é cambio substancial ou non o que non debería ser difícil para esta Corporación é aplicar o sentido común. O sentido común débenos dicir hoxe outra cousa, e cada un dos que estamos aquí vamos a ser responsables co noso voto de, neste caso, paralizar A Estrada, condenala a ter unha espada de Damocles enriba da cabeza ou non. E simplemente quería puntualizar isto. A legalidade vela por ela o Secretario Municipal. E nós, cando se fixeron aportacións, se xa nos dan un documento pechado, desde logo é moi difícil; e iso non é serio, pedir responsabilidades ó resto dos grupos cando se fan os procedementos deste xeito. Grazas.

Sr. Alcalde: *Moi ben, Sra. Louzao. Para pechar xa este debate. Confunde vostede varios aspectos. Que o Secretario Municipal poida facer un informe desfavorable non quere dicir que sexa ilegal. Primeiro aspecto. Que creo que é convinte, eu non teño coñecementos profundos en materia xurídica, pero que o Secretario faga informes en contra non quere dicir que a decisión que se tome é ilegal, sabe vostede e llo repito que os informes son preceptivos e non vinculantes. Pero neste expediente hai un informe da Secretaría Municipal favorable, en funcións, o mesmo informe que tiveron vostedes, da Secretaría en funcións, da Secretaría Municipal en funcións, cando eran vostedes goberno, o mesmo. Era Secretaria en funcións, no, non era o mesmo, era parecido. Non vamos a entrar en debate porque vamos a pechar o tema este. Pero cando vostede fala de seguridade xurídica a min fáleme....eu llo dixen antes, este Plan pode ser recorrido en dúas vías. Na vía administrativa porque teñamos algún defecto na forma da tramitación, que é posible, que alguén recorra o Plan e diga que o Plan Xeral non estivo, cando se fixo a convocatoria da Comisión informativa, o Plan Xeral non estaba a disposición dos concelleiros. Houbo Plans Xerais que tiveron problemas por iso, porque non estaba a información a disposición dos concelleiros. Aquí estaba toda. Non parece moi razoable que unha vez que estea pechado o expediente, aí si que cometeríamos unha legalidade, que incorporásemos informes non solicitados por nadie nese expediente. Parecería desde logo sospechoso e sería un vicio de ilegalidade. Aquí podería ser ilegal se o Concello da Estrada non levase o tema do Plan Xeral a unha Comisión informativa ou non tivese ditaminado. Sería ilegal si houberse un fallo no procedemento administrativo. Eu o digo unha vez máis de forma rotunda, se alguén considera que existe algún vicio, algún problema legal administrativo no procedemento, que o diga, porque iso si que é un problema. Agora, se alguén ten duda de aspectos do documento do Plan Xeral, eu os entendo, de verdade que os entendo, non os comparto pero podo chegar a entendelos; e podo entender a súa postura, a postura do Partido Socialista, incluso se me apuran, neste caos podo chegar a entender a postura do Sr. Magariños, incluso se me apuran. Outra cousa é que me resulte realmente difícil de compartir, porque vostedes pretender sorber e soprar á mesma vez e iso é imposible. Vostedes din que é unha ruína para A Estrada estar na situación na que estamos, pero votan en contra e non queren aprobar o Plan Xeral. Entón, como eu non son capaz de entender esa filosofía que aplican vostedes ó sentido común da política, pois como non son capaz de entendelo pois me custa,*

será que non teño capacidade, pouca capacidade para poder interpretar o que vostedes queren dicir. Pero é certo que sorber e soprar non se da feito; iso xa llo digo eu porque xa o intentei algunha vez antes de facer esta aseveración; eu como son unha persoa empírica procuro probar as cousas antes de dicilas e probeino e non hai forma de facelo, imposible. Entón, aconséllolle que en política non faga funambulismo político, non digan unha cousa e a contraria porque a xente, a cidadanía ó final se acaba cansando e se acaba aburrindo. Por iso, sinceramente, e o digo publicamente, os meus agradecementos, porque este Plan naceu no ano 2002, foi un Plan no que de forma máis directa ou menos directa participaron tres gobernos municipais, dous do Partido Popular e un goberno bipartito, que foron deseñando e foron pechando o modelo de documento que entendiamos, coas nosas diferenzas, que tiña que ser aprobado polo Concello da Estrada. Nós tivemos diferenzas no seu momento, por iso eu teño que comprender e compartir e entender as diferenzas que vostedes poñen encima da mesa, porque eu tamén fun oposición e sei e entendo a súa postura. Sei que é o papel que teñen que xogar, sei que no fondo se senten satisfeitos por pertencer á Corporación que poida tramitar un Plan Xeral que poida ser aprobado, o primeiro. Mellorable, seguramente; melloralo estou convencido que o melloraremos e que traballaremos na mellora dese documento. E estou, desde logo, convencido de que será un orgullo para todos aqueles que formaron parte desta Corporación Municipal que en algún momento o intentaron, en trinta anos aprobar un Plan Xeral, será un orgullo para tódolos estradenses que o seu goberno, a súa Corporación Municipal sexa quen de poder sacar adiante ese documento tan ansiado e tan demandado por todos os veciños, por a gran maioría, a inmensa maioría dos veciños da Estrada. E estou convencido ademais que hoxe empeza un novo camiño. A partir de aquí traballemos xuntos, coas nosas diferenzas, creo que temos puntos de encontro e os vimos no debate de hoxe, puntos de encontro moi importantes, e creo que ó final, seguramente, o que hoxe nos separe, en canto a algunha cuestión non de fondo, se non de forma, que o día de mañá nos una para camiñar xuntos e para aproveitar esta ferramenta que hoxe esperemos que empece a recuperar o camiño da súa aprobación e que sexa esa ferramenta que todos desexamos. Así que grazas a todos, a todos os que participaron e a todos os que algún día quixeron e tiveron a ilusión de poder ver aprobado o seu Plan Xeral e esperemos que ó final sexa a súa aprobación no prazo que a Xunta de Galicia ten establecido para poder resolvelo. Así que procedemos á votación deste asunto.

Sr. Secretario: *Sr. Alcalde, se mo permite ó amparo do artigo 94.3 do ROF desexaría dar lectura ó informe que mencionara ó principio da sesión plenaria.*

Sr. Alcalde: *Eu, Sr. Secretario, como xa lle dixen, se vostede ten algo que opinar sobre a legalidade do trámite administrativo lle agradecería que o fixese público, e se non, creo que todos son coñecedores do informe e sobra calquera tipo de aportación que poida facer vostede neste momento. Polo tanto, se vostede me quere responder á pregunta de que o trámite administrativo que imos pechar coa votación é legal ou non o é, se responde vostede a esa pregunta podemos entrar en debate sobre a legalidade, que ó final é o que vostede ten que opinar; e se non, evidentemente, non ten vostede a palabra e procedemos á votación.*

Sr. Secretario: *As cuestións que teño que sinalar en relación co Plan Xeral evidentemente non se poden improvisar sobre a marcha e por iso...*

Sr. Alcalde: *Sr. Secretario, eu lle estou dicindo a vostede claramente, vostede diga aquí, nesta sesión plenaria, que é o que se lle pide, sobre a legalidade, sobre a legalidade ou non da aprobación do Plan Xeral. Se vostede ten algo que dicir en relación a ese tema, fágao e se non evidentemente procedemos á súa votación.*

Sr. Secretario: O que teño que dicir é en relación co que sinala o artigo 94.3 do ROF que fala expresamente dalgunha cuestión sobre a que poida dubidarse sobre a legalidade ou repercusións orzamentarias do punto debatido poderá solicitar ó Presidente o uso da palabra. Si teño, entendo...

Sr. Alcalde: Sr. Secretario, creo que non procede. Non ten a palabra, Sr. Secretario. Eu creo que vostede... Hai algúns berros de parte do público asistente. Rematemos a sesión plenaria sen ningún tipo de incidente. Eu creo que as forzas políticas demos un exemplo de traballo e xestión, eu so digo... rematou vostede, non? (dirixíndose a alguén do público asistente que lle interrompeu) Eu o que teño que dicir é que si hai algún aspecto sobre a legalidade do acordo, do procedemento administrativo que estamos a tratar, eu xa o dixen por activa e por pasiva que me gustaría coñecelo. Se vamos a entrar a debater aspectos sobre un informe que se incorpora de forma extemporánea sen ser solicitado por ninguén e cuio orixe o descoñezo e cuia motivación tamén, pois o debateremos cando toque o momento, porque ese informe non está incorporado ó expediente e polo tanto non pode ser obxecto de debate en este tema. Así que procedemos a...

Sr. Secretario: Sr. Alcalde, a resposta é si, si hai algunha dubida sobre a legalidade do acordo que se vai adoptar.

Sr. Alcalde: Pois diga vostede cal é.

Sr. Secretario: Como sinalaba anteriormente non se trata de cuestións, pola complexidade da materia, que se poidan improvisar. É precisamente por iso polo que fixen o informe e o presentei á Alcaldía onte e do que vou a dar lectura.

Sr. Alcalde: Non proceda vostede a dar lectura, vostede informe se o tema planteado reviste algunha cuestión sobre a legalidade, use a palabra para informar sobre a legalidade do procedemento. Se vostede considera que este procedemento e o trámite administrativo é legal ou non o é, que ó final é o que a esta Presidencia lle preocupa, se hai algún vicio de legalidade no expediente administrativo que hoxe procedemos a aprobar. Se vostede me di que si, explique por que, e se non o sabe, pois remítase vostede ó informe que todos coñecemos e que está fóra do expediente que vamos a proceder a votar, porque o expediente está pechado e sabe vostede que unha vez pechado o expediente non se pode incorporar documentación a maiores, se non estaríamos cometendo unha ilegalidade. Polo tanto, se vostede, se vostede ten algunha dúbida sobre a tramitación..., porque a palabra, Sr. Espiño lea vostede o ROF, a palabra a da o Presidente da Corporación, e o Secretario pode asesorar ó Alcalde, a acción do Alcalde ou se entende que existe algún viso sobre a legalidade do acordo a adoptar, e eu o pedín por activa e por pasiva e a min de momento nadie me dixo que o acordo que vamos a tomar no trámite administrativo sexa ilegal. Polo tanto, como entendo que non o é, e como o trámite administrativo está pechado e se está falando dun informe incorporado a posteriori dun documento pechado, creo que non procede. O elaboraremos, se queren vostedes convocamos unha Comisión de Urbanismo posteriormente e analizamos un informe que apareceu por rexistro de entrada onte sen ser solicitado. Porque eu lle quero recordar ademais que, vostede o sabe perfectamente, tan ben coma min, que o Secretario Municipal non é plenipotenciario, non ten capacidade absoluta para facer o que considere oportuno aínda que a veces o pretenda, e a función de fe, a función de asesoramento, de asesoramento legal se lle atribúe cando o ordene o Presidente da Corporación, é un dos supostos que ten para poder informar, neste caso. E o Presidente da Corporación solicitou a Secretaría a emisión do preceptivo informe para o Plan Xeral e está incorporado no documento do Plan Xeral que vostedes tiveron opción de analizar. O informe previo sempre que se trate de asuntos cuia aprobación esixa unha maioría

cualificada, ese informe está incorporado no propio documento, no propio expediente. A emisión de informes que requiran un precepto legal; eu no informe non vexo ningún precepto legal que requira ese informe extemporáneo, porque xa hai un informe do Secretario Municipal ó precepto legal que o esixe. E informar nas sesións como esta no caso no que se valore algún tipo de ilegalidade ou haxa algunha duda como este non é o caso, sobre o acordo que vamos adoptar, sobre o acordo que vamos adoptar, eu entendo que o único que se quere facer é entorpecer, como xa se leva facendo durante varios meses, o traballo deste goberno, e intentar asumir un protagonismo que non lle corresponde en absoluto a unha persoa que debe ser a que garanta os procedementos administrativos neste concello. Polo tanto, como o procedemento administrativo está aí, e a palabra xa a tivo e nos vai a contar aquí unha diatriva que creo que non vai a aportar nada en positivo e ademais como a min me consta a petición expresa por parte, verbalmente, por parte do Secretario Municipal que non iba intervir, que non quere intervir e así mo dixó, facer que non llo fixera e que eu non lle pedira nunca en ningunha sesión plenaria, e así fixo expresamente esa petición pola súa parte. Eu ademais de cumprir coa legalidade cumpro coa solicitude que el me fixo no seu momento e polo tanto como nunca interveu e nunca se lle pediu porque el mo solicitou, seguimos coa mesma estratexia ata que non se lle diga o contrario. Así que procedemos a votar este asunto: votos en contra?

Sr. Secretario: *Sr. Alcalde, solicito a palabra*

Sr. Alcalde: *Sr. Secretario, non ten vostede a palabra.*

Vamos a proceder á votación deste punto da orde do día: votos en contra?, abstencións?, votos a favor? Queda aprobado por maioría a aprobación provisional do Plan Xeral da Estrada.

Moitas grazas, e moi boa noite a todos e grazas por acompañarnos

Finalmente apróbase por 11 votos a favor (PP), 10 abstencións (PSOE) e 1 en contra (BNG) o seguinte Acordo:

-Visto o documento refundido do texto corrixido e adaptado á Orde da COTOP do 05/05/06 do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada adaptado á Lei 2/2010 para aprobación provisional, presentado polo equipo redactor Visier Arquitectos en data 19 de novembro de 2012.

-Visto que na tramitación se cumpriron tódolos trámites legalmente esixibles.

-Visto que no mesmo figura incorporada a preceptiva Memoria Ambiental.

-Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 23 de novembro de 2012.

-Visto o informe da Interventora Municipal de data 26 de novembro de 2012.

-Visto o informe da Secretaria en funcións de data 26 de novembro de 2012.

ACORDAMOS:

1º.-Aprobar provisionalmente o documento refundido do texto corrixido e adaptado á Orde da COTOP do 05/05/06 do Plan Xeral de Ordenación

Municipal da Estrada, adaptado á Lei 2/2010 (incluíndo a Memoria Ambiental).

2º.-Remitir o expediente completo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a súa aprobación definitiva.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, levántase a sesión ás vinte e dúas horas e trinta e nove minutos.



A Estrada, 18 de decembro de 2012

O SECRETARIO:

Asdo. José Naveira González